




Xurdimento



Boletín Informativo-Cultural Centro Galego de Lleida



Aeroport de Lleida - Alguaire



INSTITUCIÓNS COLABORADORAS



Generalitat
de Catalunya

LA PAERIA



Ajuntament de Lleida



Diputació de Lleida



FEDERACIÓ DE CASES I CENTRES REGIONALS
LLEIDA
FEDERACIÓN DE CASAS Y CENTROS REGIONALES



Federación
de entidades culturais
galegas de catalunya

Xurdimento

Edita:

Centro Galego de Lleida
C/ Joc de la Bola, 20 baixos
25003 Lleida
Tel./fax
973 27 48 27

E-mail:

cengallei@gmail.com

Web do Centro Galego:
www.cgllaida.galiciaaberta.com

Blog do Centro Galego:
<http://cengallei.wordpress.com>

Rede Social do Centro:
<http://cengallei.ning.com>

Comisión da Xunta Directiva:

Carlos Alonso Bellmunt
Luis Trigo Domínguez
Xoan Rodríguez Gómez-Dacal

Redacción, Coordinación e Corrección:

Rosa González Mahía
Xulio Couxil Vázquez
Pura Salceda Carballeda

Depósito Legal: L-137-1988

Preimpresión y Impresión:

Arts Gràfiques Dalmau
Pol. Ind. El Segre - 25191 Lleida
C/ Josep Baró i Travé, Parc. 118
Tel. 973 205 144 / Fax: 973 206 422
agdalmu@lamanyana.cat



Tabuleiro de contidos



Saúda do Presidente Centro		
José Terceiro	02	
Saúda do Presidente Xunta		
Emilio Pérez Touriño	03	
Saluda del President de la Generalitat		
José Montilla	04	
Saluda del Alcalde		
Angel Ros	05	
Saluda del Delegat Gover		
Miguel Pueyo i París	06	
Saluda del Presidente de la Diputació		
Jaume Gilavert	07	
Saluda Subdelegado Gobierno		
Ángel Flores	08	
Saluda director Xeral Xunta		
Manuel Luis Rodríguez	09	
Saluda del Arzobispo de Madrid		
Rouco Varela	10	
Saluda del President Consell Comarcal		
Ricart Pons i Pico	11	
Saluda del Señor Obispo		
Joan Piris Frígola	12	
Falamos con. . .		
Julio Fontán Fariña	13	
Cadro de Honra José Rodríguez Giráldez		
Rosa González	14	
Galicia: Terra, Xente, Lingua, Pobo		
Rosa Gonzalez	15	
Comunicación de fallecimientos a niños		
Juan José Romera	18	
Prevención del melanoma		
Lucía Carnero	22	
Aprendizaxes dun neno rural		
José Raposeiras	25	
Fitoterapia		
Fco. Javier Gans Llorente	28	
O carro do país		
José López Hermida	35	
Un cuento Jacobeo de Pardo Bazán		
Federico Pomar	38	
Reflexións dun Xubilado		
Ignacio Franco	44	
Claudino López, o Estoa		
Agapito Valado	47	
Semana Cultural Federación		
Cosme García	49	
Juegos Olímpicos, Pekín 2008		
Jesús Sieiro	51	
La educación que nos queda		
Rubén Alonso	52	
Antonio Alonso Piña, Juez		
Jesús Sieiro	53	
Entre la afición y trabajo		
María Alba Gil	54	
Elecciones EUA		
Natalia Valado	55	
Preto e lonxe. Viaxe ao corazón da Mixteca		
Pura Salceda	56	
Chuflo Llorente, Te daré la tierra		
Marisa Torres	58	
O Sancristán		
Cotono	59	
El arte Mudéjar		
José Luis Cortés	60	
O vendedor e a calma plana		
Anxo Sumai	63	
A xeneración dos papaventos		
Noelia Rodríguez	65	
Eulalia de Borbón		
Jordi Martínez	67	
Jaume I el Conqueridor		
Jordi Curcó	71	
A lingua galega na Universidade de Bangor		
Marta Prego	72	
El refranero Español		
José Luis Raposo Toja	74	
Expo 2008. Encuentro culturas		
Emiliano Cartagena	76	
La ternura		
Julián Melero	77	
Si ou Non á emigración		
José Luis Raposo Toja	78	
Casas Regionales, algo más que un lugar de encuentro		
Cosme García	80	
Cinco lecciones de vida. “Bella”		
Maria Ángeles Almacellas	82	
Algunas creencias absurdas		
Jordi T. Prunera	85	
A Vila de Viana do Bolo		
Julio Couxil	88	
L’Alt Ribagorça		
Joan Bellmunt	90	
Sela, un trozo de Miño		
Jorge Freijanes	93	
India, viaje al exotismo asiático		
Enric Ribera	95	
Tres cousas hai en Ourense		
Lali Estevez Camiña	99	
Tercera Xuntanza en Portugal		
Agapito Valado	101	
Curiosidades Xurídicas “SOCIEDADE”		
Xoán Rodríguez Gómez-Dacal	102	
O Grupo Coral Cengallei		
Un oínte á escoita	101	
Efemérides		
C. B.	104	
Vocalía da Muller		
Marta Roige	108	
Memoria dos actos do Centro no ano 2008		
Luis/Xoan	110	
Xunta Directiva		
Luis/Xoan	119	
Debuxos dos nenos		
Luis/Xoan	120	
Prensa de Lleida		
La Mañana/Segre/adn	122	



Saúda do Presidente do Centre Galego de Lleida

Benqueridos socios, amigos e simpatizantes do Centro Galego: como cada ano por estas datas, despois de pasar as festas do Nadal e Aninovo, seguimos sendo fieis á nosa obriga de publicar a revista Xurdimento, que como todos sabedes, ben sendo habitual a súa presentación na nosa Semana Cultural que coincide co Entroido.

Nunha das anteriores revistas comentáballes o ben que o pasamos na viaxe a Galicia no Ano Xacobeo; pois ben, amigos, os anos pasan moi depressa e o ano que ven 2010 celebrarémolo outra vez. Agardo poder facelo xunto con todos vosoutros para lembrar o ben que o pasamos nos anos precedentes. Tan só quixera pedir que o tempo nos acompañe, sobre todo que non teñamos vento, coma no pasado... ¿lembrades o día na Coruña? Case era imposible agoantar o paraugas...

Fai tempo, tamén, falabamos do AVE e xa é unha realidade que funciona tamén en Lleida. Pois ben, segundo o noso Presidente don Emilio Pérez Touriño, no ano 2012 poderemos viaxar nese AVE á nosa prezada Galicia. Será unha gozada, pois como todos poderedes lembrar, non fai moitos anos a viaxe de Barcelona a Vigo ou á Coruña duraba 33 horas; hoxendía no Talgo ou no Estrella de Galicia, tan só se empregan 12 horas aproximadamente, e seguro que non tardaremos moito tempo en ter rematado o Aeroporto de Alguaire e entón nunha hora ou nun pouco menos, poñerémolos en calquera dos tres aeroportos actuais de Galicia; estou seguro que no vindeiro número da nosa revista Xurdimento que presentemos, xa será unha realidade.

Como lembraredes, na Asemblea do ano pasado, a Xunta Directiva comprometeuse a facer moitas cousas; coido que se cumpriron case todas. Quixera destacar entre outras moitas o



Curso de Informática e o Curso de Lingua e Cultura Galega, dúas iniciativas de grande calidade e con exitoso número de participantes.

Supoño que ao ler estas liñas darésvos conta que sempre pido a colaboración de todos. Coido que se se fan cousas e é para que participe o máximo número de socios posibles. Síntome moi orgulloso cando dende a miña posición fronte aos participantes nun acto ou nunha conferencia, vexo que non hai valeiros e acoden moitos asistentes, pois eso demostra que apreciades o esforzo e o traballo

do equipo que organiza tantas actividades e tan diversas.

Quixera ter unhas verbas de agradecemento para tódolos compañeiros da Xunta Directiva, Vocalía da dona e Coral Cengallei, pois é moita a súa dedicación; estou seguro que sen ese grande esforzo non serían posibles as súas magníficas actuacións.

Non podería rematar sen lembrar aos que non se atopan físicamente entre nosoutros, que este ano foi especialmente negativo pola cantidade de colaboradores que nos deixaron. Aos seus familiares especificamente, decirlles que os temos a todos nesa lembranza e decirvos que estamos ao voso dispor para o que poidamos aportar, dende esta Entidade que tamén é a vosa.

Desexo que este ano 2009 traia para todos cousas boas e que nos sirva de preparación para o vindeiro Xacobeo 2010, no que voltaremos a percorrer o Camiño xuntos para celebralo con agarimo e lembranza.

Apertas para todos.

Xosé Terceiro Folgar
Presidente do Centro Galego de Lleida



Saúdo do presidente da Xunta de Galicia



Os galegos que conformades o Centro Galego de Lleida sodes os mellores embaixadores do noso país, da nosa lingua, da nosa cultura e das nosas tradicións. Co voso traballo e esforzo fomentades a conservación e a expansión da galegitude máis aló das nosas fronteiras. Por iso, Galicia ten unha débeda permanente cos centros galegos espallados, non só en todo o territorio español, senón en cada recuncho do mundo.

Os emigrantes sodes un dos piares nos que se sustenta Galicia. Non só non esquecedes as vosas raíces, senón que contribuídes á difusión da identidade da comunidade galega. Así, aínda que fisicamente nos separen centos de quilómetros, estamos xuntos de corazón e cuns vencellos irrompibles.

Todos os centros galegos constituíronse ao longo dos anos como lugares de intercambio de lembranzas e vivencias entre os galegos que residen no exterior da nosa comunidade. Representan o esforzo e os sentimentos de todos e cada un daqueles galegos e galegas que

un día se viron obrigados a abandonar a súa terra. Galegos que, a pesares de estar lonxe do voso fogar, reivindicades cada día a vosa orixe galega.

Desde a vosa terra desexamos agradecervos a fermosa labor que realizades polo recoñecemento da nosa comunidade en Cataluña, a autonomía española que conta co maior número de emigrantes galegos. Espero que o voso traballo se prolongue coa integración e a participación activa das novas xeracións no seo do Centro Galego de Lleida. Por iso, desde a Xunta reiteramos a vontade de colaboración entre Galicia e as nosas comunidades de residentes no exterior.

En nome do Goberno que presido desexo felicitarvos pola difusión que realizades da cultura galega a través da revista *Xurdimento*. Finalmente, quero trasladarvos un saúdo a todos os galegos que residides en Cataluña e de modo especial aos que conformades o Centro Galego de Lleida.

Emilio Pérez Touriño
Presidente da Xunta de Galicia



Salutacó del molt honorable President de la Generalitat de Catalunya

Un any més em plau trame-
tre una afectuosa salutació als
membres del *Centro Galego de
Lleida* i als lectors i lectores de
Xurdimento.

La vostra revista *Xurdimento*
s'ha convertit en un mitjà d'ex-
pressió del *Centro* cap a la ciutat
i a la societat en general. I a la
vegada és un magnífic divulgador
de la cultura gallega, d'aquesta
a Catalunya i d'intercanvi entre
les dues cultures. I també un pont
d'unió entre Galícia i Catalunya,
dos pobles germans que compar-
teixen molts elements comuns. I, mireu, els pobles
com més es coneixen més es comprenen, més es po-
den entendre i es poden ajudar.

L'Espanya d'avui i el món d'avui necessiten
més que mai del coneixement mutu i de la cooperaci-
ó, a partir del respecte a la personalitat de cadas-
cú i sense renunciar a allò que en justícia correspon
a cada part.

La cultura gallega és rica i diversa, en totes les
disciplines i pràctiques. En la literatura i les arts, en
la música i les tradicions. en la gastronomia i el dis-
seny. És tradicional i mil·lenaria, moderna i innova-
dora. i en el darrers temps ha fet esforços importants
per transcendir els seus límits geogràfics. I certament
ho ha aconseguit en molt aspectes.

Però com que sempre és bo aspirar a més, des
d'aquestes ratlles us vull animar a seguir en aquesta
linia, de promoció i divulgació de la vostres tradici-
ons i cultura, i de projecció cap enfora.

La meva enhorabona per la vostra publicació, junt
amb una fraternal abraçada.



Un ano máis compráceme
transmitirvos un afectuoso
saúdo aos membros do *Centro
Galego de Lleida* e aos
lectores e lectoras de *Xurdi-
mento*.

A vosa revista *Xurdimen-
to* converteuse nun medio de
expresión do *Centro* cara a
cidade e cara á sociedade en
xeral. E á vez é un magnífico
divulgador da cultura galega,
desta a Cataluña e de inter-
cambio entre as dúas cul-
turas. É tamén un punto de
unión entre Galicia e Cata-

luña, dous pobos irmáns que comparten moitos
elementos comúns. E mirade, os pobos canto
máis se coñecen máis se comprenen. Máis se
poden entender e se poden axudar.

A España de hoxe e o mundo de hoxe preci-
san máis que nunca do coñecemento mutuo e da
cooperación, a partir do respecto á personalidade
de cada un e sen renunciar a aquilo que en xusti-
za corresponde a cada parte

Pero como sempre é bo aspirar a máis, desde
estas liñas quérovos animar a seguir neste senso,
de promoción e divulgación das vosas tradicións
e cultura, e de proxección cara a fóra.

Os meus parabéns pola vosa publicación,
xunto cunha fraternal aperta.

José Montilla
President de la Generalitat



Saluda del Alcalde de Lleida



Sovint m'heu sentit a dir que les persones que nascudes en d'altres indrets i feu la vostra vida a Lleida teniu la sort d'estimar dues vegades. És un avantatge del qual traieu partit i és una característica personal que us enorgulleix, ho sé del cert. Us agraeixo, l'oportunitat que em doneu, un cop més, a través de les pàgines d'un nou número de "Xurdimento", de felicitar-vos per la vostra vitalitat com a col·lectiu i la vostra aportació d'un valor incalculable en benefici de la salut i la cohesió socials de Lleida.

Una ciutat amb una història mil·lenària com és Lleida és evident que s'ha fet amb les innumerable aportacions de persones de procedències molt diferents que, de mica en mica, han consolidat al llarg dels segles tot allò que ara ens defineix com a comunitat. Catalunya ha estat sempre territori de frontera, corredor de pas –i molt més Lleida a dins d'aquest país pròsper de la conca mediterrània- i aquesta característica, a despit de semblar un obstacle, ha resultat al llarg de tantíssims segles una font de vitalitat i renovació indispensable. Ara i sempre, els col·lectius de persones que han arribat d'altres indrets són, sense cap mena de dubte, una part substancial del moll de l'os de l'estructura d'aquest país.

Per últim, deixeu-me convidar-vos a una celebració molt especial: aquest any 2009 celebrem els 150 anys de l'assumpció de l'alcaldia per part de Manuel Fuster, que simbolitza la modernització de Lleida, el gran salt que van fer els nostres predecessors per entrar des de la segona meitat del segle XIX de ple dret en la contemporaneïtat. Celebrem un moment especial de *Rexurdimento* -si em permeteu el joc de paraules amb la capçalera de la vostra revista i amb el nom del moviment de redreçament d'inspiració romàntica-, de Renaixença dels múltiples àmbits de la nostra societat gràcies a l'esforç i les aportacions de col·lectius molt diferents. Us convido a aquesta celebració que ens comina, alhora, a imaginar i construir plegats, cadascú des de la seva sensibilitat, la Lleida que volem per a nosaltres i que volem llegar a qui vindrà després.



A miúdo oístesme dicir que as persoas que nadas noutros lugares e facedes a vosa vida en Lleida tedes a sorte de amar dúas veces. É unha vantaxe da que sacades partido e é unha característica persoal que vos compace, seino de certo.

Agradézovos, a oportunidade que me dades, unha vez máis, a través das páxinas dun novo número de "Xurdimento", de felicitarvos pola vosa vitalidade como colectivo e a vosa achega dun valor incalculable en beneficio da saúde e a cohesión socials de Lleida.

Unha cidade cunha historia milenaria como é Lleida é evidente que se fixo coas innumerable achegas de persoas de procedencias moi diferentes que, paulatinamente, consolidaron ao longo dos séculos todo aquilo que agora nos define como comunidade. Cataluña foi sempre territorio de fronteira, corredor de paso –e moito máis Lleida dentro deste país próspero da conca mediterránea- e esta característica, en troques de parecer un obstáculo, resultou ao longo de tantísimos séculos unha fonte de vitalidade e renovación indispensable. Agora e sempre, os colectivos de persoas que viñeron doutros lugares son, sen lugar a dúbidas, unha parte substancial do miolo da estrutura deste país.

Por último, deixádeme convidarvos a unha celebración moi especial: este ano 2009 celebremos os 150 anos da asunción da alcaldía por parte de Manuel Fuster, que simboliza a modernización de Lleida, o gran chouto que fixeron os nosos predecesores para entrar desde a segunda metade do século XIX de pleno dereito na contemporaneidade. Celebremos un momento especial de *Rexurdimento* -se me permitides o xogo de palabras co encabezamento da vosa revista e co nome do movemento de enderezamento de inspiración romántica-, de *Rexurdimento* dos múltiples ámbitos da nosa sociedade grazas ao esforzo e ás achegas de colectivos moi diferentes. Convído-vos a esta celebración que nos comina, ao tempo, a imaxinar e construír xuntos, cada cal dende a súa sensibilidade, a Lleida que queremos para nós e que queremos legar a quen virá despois.

Àngel Ros i Domingo
Paer en cap de Lleida



Saluda del Delegat Territorial del Govern a Lleida



Sembla mentida però ja ha passat un any des del darrer número de la revista Xurdimento. Any rere any, tots els que escrivim una salutació al butlletí informatiu i cultural del Centro Galego de Lleida no podem evitar desfer-nos en elogis vers el vostre dinamisme. La funció d'aquesta revista és essencial ja que en les seues pàgines deixa constància de totes les inquietuds i activitats dels gallecs a la nostra ciutat.

Ja fa més de trenta anys que el Centro Galego va obrir les seues portes a Lleida, i aquest fet ha propiciat la integració dels gallecs en la societat catalana. Són moltes les semblances entre gallecs i catalans, però segurament, el nostre nexu d'unió més fort és la llengua. La llengua ens diferencia de la resta, és un tret identificatiu, un valor afegit a la nostra comunitat. És el vehicle de comunicació més gran de què disposem, per això, que la vostra revista s'editi en gallec, català i castellà dóna senyal de pluralitat, de diversitat i de cohesió.

En els temps que corren, on la globalització està a l'ordre del dia, un mitjà com Xurdimento és molt important. En ell s'hi reflecteixen ambdues societats, la gallega i la catalana, però al mateix temps se'n distingeix la convivència. Una convivència encomiable marcada pels anys.

Només em resta tornar-vos a felicitar per la vostra tasca i encoratjar-vos a continuar fent-la. Entenc que de vegades costa perquè ens topem amb entrebancs i *pals a les rodes* però cal lluitar per aconseguir el que volem, ser forts i tirar endavant. Hem de vetllar pels objectius que ens proposem i anar guanyant terreny a poc a poc fins a atrapar-los. Al mateix temps, hem de difondre els nostres projectes perquè tothom que hi estigui interessat hi pugui participar i sentir-se'n un element més.



Parece mentira pero xa pasou un ano desde o último número da revista Xurdimento. Ano tras ano, todos os que escribimos un saúdo no boletín informativo e cultural do Centro Galego de Lleida non podemos evitar desfacernos en eloxios para o voso dinamismo. A función desta revista é esencial xa que nas súas páxinas deixa constancia de todas as inquietudes e actividades dos galegos na nosa cidade.

Xa hai máis de trinta anos que o Centro Galego abriu as súas portas en Lleida, e este feito propiciou a integración dos galegos na sociedade catalá. Son

moitas as semellanzas entre galegos e cataláns, pero seguramente, o noso nexu de unión máis forte é a lingua. A lingua diferéncianos do resto, é un trazo identificativo, un valor engadido á nosa comunidade. É o vehículo de comunicación maior do que dispoñemos, por iso, que a vosa revista se edita en galego, catalán e castelán dá sinal de pluralidade, de diversidade e de cohesión.

Nos tempos que corren, onde a globalización está á orde do día, un medio como Xurdimento é moi importante. Nel reflíctense ambas as dúas sociedades, a gallega e a catalá, pero ao mesmo tempo distínguese a convivencia. Unha convivencia encomiable marcada polos anos.

Só me resta volvervos felicitar pola vosa tarefa e animarvos a continuar facéndoa. Entendo que ás veces custa porque nos atoparemos con tropezos e dificultades pero é preciso loitar para conseguir o que queremos, ser fortes e saír adiante. Temos que velar polos obxectivos que nos propoñemos e ir gañando terreo amodo ata atrápalos. Ao mesmo tempo, temos que difundir os nosos proxectos para que todo o mundo que estea interesado poida participar e sentirse un elemento máis.

Miquel Pueyo i París
Delegat territorial del Govern a Lleida



Saluda del President de la Diputació de Lleida



La revista 'Xurdimento' torna a les nostres mans amb un repàs de les activitats que des del Centro Galego a Lleida s'han impulsat en els darrers mesos a la nostra demarcació. Col·laboracions de tot tipus, viatges, propostes d'activitats i articles d'opinió conformen una publicació necessària per constatar la vitalitat que aquesta entitat demostra any rere any.

Una entitat que posa sobre la taula tota la riquesa cultural, gastronòmica i folklòrica de Galícia, i que ho fa en positiu, donant-la a conèixer a tots els lleidatans des d'un punt de vista integrador.

Són aquesta amalgama d'activitats, sensacions i propostes les que assoleixen l'èxit del Centro Galego de Lleida, convertint-lo en una autèntica referència del mapa territorial de les nostres comarques.

La convivència i el diàleg sempre han estat dos elements cabdals sobre els que s'ha basat el quefer entre els habitants de les comarques de Lleida. Aquesta normalitat ha vingut impulsada per la mentalitat oberta de la societat lleidatana. Una normalitat marcada per la presència, cada vegada més habitual, de mitjans de comunicació que ens fan arribar tot tipus d'informació, i que fan de la societat lleidatana una de les més avançades, confegint-li una vitalitat fruit d'aquesta mescla de cultures.

Les comarques de Lleida han estat sempre terres d'acolliment, i l'amalgama que n'ha sorgit ens ha permès enriquir-nos de totes i cadascuna d'elles, mantenint els espais de desenvolupament i coneixement dels seus fets diferencials d'una manera força evident.

Aquest és el cas del Centro Galego i la seva revista 'Xurdimento', una publicació de referència per conèixer una mica més aprop la realitat de la comunitat gallega a les comarques de Lleida, però també per conèixer una mica més part de la comunitat lleidatana que conforma la nostra societat.



A revista "Xurdimento" volve ás nosas mans cun repaso das actividades que desde o Centro Galego en Lleida impulsáronse nos últimos meses na nosa demarcación. Colaboracións de todo tipo: viaxes, propostas de actividades e artigos de opinión conforman unha publicación necesaria para constatar a vitalidade que esta entidade demostra ano tras ano.

Unha entidade que pon sobre da mesa tódala riqueza cultural, gastronómica e folclórica de Galicia, e que o fai en positivo, dándoa a coñecer a tódolos lleidatans dende un punto de vista integrador.

Son esta amalgama de actividades, sensacións e propostas as que logran o éxito do Centro Galego de Lleida, converténdoo nunha autèntica referencia do mapa territorial das nosas comarcas.

A convivencia e o diálogo sempre foron dous elementos capitais sobre os que se baseou o quefer entre os habitantes das comarcas de Lleida. Esta normalidade veu impulsada pola mentalidade aberta da sociedade lleidatana. Unha normalidade marcada pola presenza, cada vez máis habitual, dos medios de comunicación que nos fan chegar todo tipo de información, e que fan da sociedade lleidatana unha das máis adiantadas, conferíndolle unha vitalidade froito desta mestura de culturas.

As comarcas de Lleida foron sempre terras de acollimento, e a amalgama que xurdeu permitiunos enriquecernos de todas e cada unha delas, mantendo os espazos de desenvolvemento e coñecemento dos seus feitos diferenciais dun xeito abondo evidente.

Este é o caso do Centro Galego e a súa revista "Xurdimento"; é unha publicación de referencia para coñecer un pouco máis cerca a realidade da comunidade galega nas comarcas de Lleida pero tamén para coñecer un pouco máis, parte da comunidade lleidatana que conforma a nosa sociedade.

Jaume Gilabert i Torruella
President de la Diputació de Lleida



Raíces de Galicia en Lleida

Una vez más, las páginas de Xurdimento me brindan la posibilidad de trasladar un saludo a todos los ciudadanos con raíces gallegas que viven en Lleida. Un saludo afectuoso que aprovecho para transmitir mis mejores deseos de convivencia entre unos y otros, vecinos todos, como fuente de conocimiento mutuo y de intercambio cultural.



Unha vez máis, as páxinas de Xurdimento bríndanme a posibilidade de trasladar un saúdo a tódolos cidadáns con raíces galegas que viven en Lleida. Un saúdo afectuoso que aproveito para transmitirvos os meus mellores desexos de convivencia entre uns e outros, veciños todos, como fonte de coñecemento mútuo e de intercambio cultural. É xusto destacar o labor que, neste sentido, realízase

Es justo destacar la labor que, en este sentido, se realiza desde el Centro Galego y desde Xurdimento como nexo aglutinador de una colectividad con un origen común que por razones diversas decide o debe trasladar su día a día a otra tierra. Ese comenzar de nuevo lejos de casa y el hecho de acostumbrarse poco a poco a la distancia serían aún más duros sin el apoyo y la solidaridad que brindáis a vuestros socios, a sus familiares, a sus amigos, a sus conocidos.

desde o Centro Galego e desde Xurdimento como nexo aglutinador dunha colectividade cun orixe común que por razóns diversas decide ou debe trasladar o seu día a día a outra terra. Ese comezar de novo lonxe da casa e o feito de afacerse aos poucos á distancia serían aínda máis duros sen o apoio e a solidariedade que brindades aos vosos socios, aos seus familiares, aos seus amigos, aos seus coñecidos. Sabedes que Lleida é e será territorio de acollida e que a integración é necesaria a tódolos niveis como garantía de igualdade e equilibrio. Contades co noso apoio para fomentar as iniciativas que potencien os intercambios culturais e de todo tipo, co obxectivo final de lograr unha convivencia absolutamente satisfactoria que é o camiño para fortalecer a paz e o coñecemento mutuo.

Sabéis que Lleida es y será territorio de acogida y que la integración es necesaria a todos los niveles como garantía de igualdad y equilibrio. Contáis con nuestro apoyo para fomentar las iniciativas que potencien los intercambios culturales y de todo tipo, con el objetivo final de lograr una convivencia absolutamente satisfactoria que es el camino para fortalecer la paz y el conocimiento mutuo.

José Angel Flores
Subdelegado do Goberno en Lleida



Saúda do Secretario Xeneral de Emigración



Benqueridos amigos:

Un ano máis teño a oportunidade de entrar en contacto con vos a través da excelente revista XURDIMENTO que vides publicando. Nesas acolledoras terras bañadas polo Segre, a presenza dunha entidade coma a vosa fortalece a rede de centros creados pola vosa iniciativa e que inzan a terra catalana. O Centro Galego de Lleida, ademais, cubre un área estratéxica para os intereses de Galicia; de aí a importancia que ten para nós.

O conxunto de actividades que desenvolvedes ao longo do ano e a propia presenza física dunha institución coma esa, permiten contar cunha plataforma de promoción e espallamento da cultura galega, pero tamén para dar a coñecer o noso potencial turístico e a nosa economía.

No mundo que estamos a vivir a existencia dunha rede de institucións galegas espalladas polo mundo é unha garantía da nosa supervivencia coma pobo. É, ademais, un admirable conxunto de polos de acción para o coñecemento de Galicia. Sen lugar a dúbidas, o Centro de Lleida ocupa, neste listado, un lugar de honra pola crecente e importante actividade que desenvolve ano tras ano.

Anímovos a continuar neste labor tan sobranceiro e tan necesario e aseguravros o apoio desta Secretaría para que esa institución continúe a ser un fito de galeguidade nas xenerosas e acolledoras terras catalanas.

Manuel Luís Rodríguez
Secretario Xeral de Emigración



Saluda del Cardenal Arzobispo de Madrid

En los días en que celebramos la Solemnidad grande de la Natividad del Señor, como en años anteriores, quiero enviarles, con estas líneas, a los miembros y simpatizantes del Centro Gallego de Lérida, junto con sus familias, mi saludo más cordial y mis deseos de la Vida nueva que nos ha traído al mundo Jesucristo, nacido de Santa María Virgen.

No hay motivo más grande para felicitarnos de veras que esta Presencia entre nosotros del Niño Dios, el Salvador, Aquel que es la única esperanza verdadera de la Humanidad. Es triste que muchos no caigan en la cuenta de lo que realmente celebramos, con lo cual no pueden tener la alegría verdadera, y la algarabía que puedan vivir enseguida da paso al vacío y a la desesperanza. En la semana previa al 25 de diciembre, el Santo Padre Benedicto XVI explicaba el sentido de la Navidad diciendo que, en estos días, recordamos “algo muy concreto e importante para los hombres, algo esencial para la fe cristiana, una verdad que San Juan resume en estas pocas palabras: *El Verbo se hizo carne*”. Nada hay, en efecto, más importante y esencial en la vida, porque nos llena de esa esperanza verdadera, que el gozoso acontecimiento del Nacimiento de Jesucristo. Por eso, aun en medio de las crisis y las dificultades mil de la vida, les deseo esa plenitud de felicidad que brota del misterio de la Navidad y que es más grande y más fuerte que todo el mal del mundo.

No son fáciles, desde luego, los tiempos que corren, y son muchas las necesidades a cubrir, de todo tipo, en Cataluña como en Galicia, como en el resto de España, en Europa y en todo el mundo, pero antes que de ninguna otra cosa todos



tenemos la más indispensable de las necesidades, sin la cual todo queda reducido a la nada, la necesidad imperiosa de reconocer la Presencia salvadora del Señor, y de acudir a Él en todo momento y lugar, pues sólo en Él “radica la salvación del mundo”, sólo Él, el Amor infinito, es la fuente de la paz verdadera que tanto necesita nuestro mundo, comenzando por ese don precioso de Dios que es la familia, y que hemos de cuidar con el mayor esmero, en estos tiempos en que sufre

tan graves deterioros. Y aprovecho estas líneas para invitarles a pedir en sus oraciones por los frutos de la Santa Misa de la Fiesta de la Sagrada Familia, en la madrileña Plaza de Colón, con la participación de multitud de familias cristianas de Madrid y de toda España, y con las palabras de aliento y bendición dirigidas a todos, en directo desde Roma, por el Santo Padre. Quiera el Señor que la savia renovadora de las familias, siguiendo el ejemplo de la Sagrada Familia de Nazaret, transforme nuestra sociedad y la haga cada día más justa y más fraterna, a la medida de los deseos de felicidad infinita que anhela todo corazón humano.

A todos vosotros y a vuestras familias os deseo de corazón ¡Feliz Navidad!, y un Año Nuevo 2009 lleno de las bendiciones de Dios. Con mi afecto y bendición.

Antonio M^a Rouco Varela
Cardenal-Arzobispo de Madrid



Saluda del President del Consell Comarcal del Segrià



Com a President del Consell Comarcal del Segrià, aprofito aquestes quatre ratlles que em permeteu escriure en la vostra revista "XURDIMENTO" per enviar-vos una salutació a totes les socias i socis del Centre Galleg de Lleida, i en definitiva, a totes les gallegues i gallecs que viviu a les Terres de Lleida, i en concret, al Segrià, desitjant-vos un any 2009 més profitós a nivell personal, familiar i també professional.



Després d'aquests 31 anys que fa, que vàreu crear el Centre Galleg de Lleida, cal felicitar-vos per la feina que feu vosaltres, i la resta de Centres i Cases Regionals de Lleida, treballant de manera sincera i admirable des de la terra que us ha acollit per donar-la a conèixer també a la gent del vostre poble, de la vostra terra que un dia vàreu deixar, voluntària o forzosament, potenciant d'aquesta manera un intercanvi cultural intens entre el poble galleg i el poble català.

En aquest any 2009 que ara iniciem la Comarca del Segrià té fites importantíssimes a assolir en tots els aspectes: promoció cultural, educativa, de serveis de proximitat a les persones, i de dinamització econòmica: és en aquests moments on els governants hem de ser molt més eficients, eficaços i curosos a l'hora de gestionar els recursos públics per a que les famílies, les petites i mitjanes empreses, i també les entitats socials i culturals del nostre entorn, rebeu tot el nostre suport per a continuar treballant i afrontar de cara tots aquests reptes que ens depara aquest 2009.

Així doncs, vull agrair-vos que em permeteu adreçar aquestes quatre paraules en nom del Consell Comarcal del Segrià, i animar-vos a continuar amb la força, el rigor i la intensitat que heu demostrat durant tot aquest temps, i us encoratjo a seguir aunant esforços per a fer realitat les il·lusions i els somnis individuals i col·lectius de la vostra gent a la nostra comarca.

Como presidente do Consello Comarcal do Segrià, aprobeito estas catro raias que me permitedes escribir na vosa revista "XURDIMENTO" para enviavos un saúdo a todas as socias e socios do Centro Galego de Lleida, e en definitiva, a todas as galegas e galegos que vivides nas Terras de Lleida, e en concreto, no "Segrià", desexándovos un ano 2009 máis proveitoso a nivel persoal, familiar e tamén profesional.

Despois destes 31 anos que hai, que creastes o Centro Galego de Lleida, é preciso felicitarvos polo traballo que facedes vós, e o

resto de Centros e Casas Rexionais de Lleida, traballando de maneira sincera e admirable desde a terra que vos acolleu para dala a coñecer tamén á xente do voso pobo, da vosa terra que un día deixastes, voluntaria ou forzosamente, potenciando desta maneira un intercambio cultural intenso entre o pobo galego e o pobo catalán.

Neste ano 2009 que agora iniciamos a Comarca do Segrià ten fites importantísimos a acadar en todos os aspectos: promoción cultural, educativa, de servizos de proximidade ás persoas, e de dinamización económica: é nestes momentos onde os gobernantes temos que ser moito máis eficientes, eficaces e coidadosos á hora de xestionar os recursos públicos para que as familias, as pequenas e medias empresas, e tamén as entidades sociais e culturais do noso contorno, recibide todo o noso soporte para continuar traballando e afrontar de cara todos estes retos que nos depara este 2009.

Xa que logo, quero agradecervos que me permitades dirixir estas catro palabras en nome do Consello Comarcal do "Segrià", e animarvos a continuar coa forza, o rigor e a intensidade que demostrastes durante todo este tempo, e ánimovos a seguir aunando esforzos para facer realidade as ilusións e os soños individuais e colectivos da vosa xente na nosa comarca.

Ricard Pons Pico
President del Consell Comarcal del Segrià



Saluda del Obispo de Lleida



12

Xurdiament

A LOS MIEMBROS DE LA IGLESIA DE LLEIDA Y A TODOS, MUJERES Y HOMBRES QUE AMA EL SEÑOR.

Esta es mi primera NAVIDAD entre vosotros, pero ya hace bastantes años que prefiero no emplear una felicitación standard porque me parece algo impersonal y no me ayuda a expresar mis sentimientos.

Sé que participo de la incoherencia de una humanidad que celebra la solidaridad de Dios con nosotros (Navidad) en medio de prácticas de violencia y de insolidaridad, pero también soy miembro de una Iglesia -igualmente cargada de incoherencias- que está llamada a proclamar que la fraternidad entre todos es el horizonte hacia el que hemos de orientar nuestra vida, más cuando el mismo Dios ha entrado en nuestra historia humana personalmente y ha asumido todo lo humano poniéndose del lado de los más frágiles.

No es autosugestión: nuestra comunidad fraterna, los pobres con los que compartimos nuestros bienes, la palabra que proclamamos, los sacramentos que celebramos... son renovación del misterio salvador, prolongación de su humanidad encarnada... y también denuncia de toda idea reductiva de la Navidad.

Celebramos, pues, la Navidad viviendo y ayudando a vivir estos días en ambiente de fiesta. Seguramente algunos se alegrarán sin saber por qué, pero ciertamente también hay muchos que no podrán hacer fiesta...

Proclamemos explícitamente, con palabras y obras, hagamos ver y experimentar que “de tal manera amó Dios al mundo que le dio su Hijo para que todo el que crea en Él tenga Vida eterna” (Jo 3,16).

Bo Nadal e Venturoso Ano Novo 2009.

Vuestro hermano obispo.
Joan Piris



Falamos con Julio José Fontán Fariña

Naceu no 1956, un 14 de maio, en Pontevedra. Estuda Bachillerato no Instituto Sánchez Cantón de Pontevedra e Bioloxía en Santiago de Compostela. Impartiu clases de prácticas de Tecnoloxía de Produtos Pesqueiros, na Facultade de Bioloxía de Santiago de Compostela. Casou en Lleida no 1984, con Elena Ruiz. Teñen tres fillos estupendos. Traballou en varios Laboratorios Farmacéuticos dende o ano 1985 ata o 1991. Foi presidente do Centro Galego de Lleida. Actualmente está traballando en Laboratorios ABBOTT como Xerente de vendas en España, con residencia en Pontevedra.

Posúe, a Medalla do Centro Galego de Lleida.

¿Como valora a súa relación e coñecemento da cultura galega, grazas ao Centro Galego de Lleida?

Nos anos de estudante de Bachillerato en Pontevedra tiñamos moi pouca información de todo o relacionado coa cultura Galega e descoñeciamos os seus costumes e tradicións. Na miña época Universitaria en Santiago tiven a oportunidade de coñecer e vivir con máis intensidade todo o relacionado co sentimento Galeguista.

Grazas ao Centro non soamente tiven a oportunidade de profundizar e vivir con máis intensidade eses sentimentos; puiden practicalos e sentirme orgulloso e satisfeito de poderllo ofrecer e transmitir aos cidadáns de toda Cataluña en xeral e aos de Lleida en particular.

¿Como foi a súa traxectoria e aportación?

Os case seis anos que tiven a sorte de presidir o Centro Galego foron anos moi intensos e importantes para todos e en particular para min. Nese periodo de tempo naceron os meus fillos e tiña que compaxinar a vida laboral, a familiar e dedicarlle un tempo importante ao "Centro" xa que nesa época tivemos que trasladarnos da nosa antiga sé da rúa Alcalde Costa á actual sé en Joc de la Bola. Recordo con verdadeira paixón aqueles momentos nos que moitos dos que actualmente estades na Xunta Directiva tivéstedes moito que ver, pero acórdome moito máis dos que moito fixeron e xa non están connosco e "deron o callo" seguramente moito máis que algún de nós. Celso, os irmáns Castro, Maximino, Paco Rubianes, Segundo Varela...etc., gracias a todos vós e a eles, hoxe temos un lugar moi digno e adecuado, segundo teño entendido xa en propiedade e sen débedas ¿Quen nolo diría naquela época? Eu aí aportei o meu grauciño de area.

¿Que actividades do Centro destaca e en que grado axudan no asociacionismo da cidade? e ¿que lle augura nesta andadura como Asociación ou Institución en Lleida?

Todas as actividades son importantes e necesarias e sinceramente destacarías todas por pequenas que parezan; é importante pensar en todos os Asociados e sei que o facedes. A maioría de actividades están pensadas para este colectivo. Recordarvos que xa temos anos e que ademais continuades sendo os mesmos os que tirades do carro. Preocúpame a substitución xeneracional, ¿que pasa coa mocidade? Os vosos fillos e as vosas fillas ¿que pensan? ¿cales son os seus sentimentos? Teredes que ser vós os que os involucrades e planifiquedes as actividades que lle satis-

fagan, e faládelles de Galicia e dos galegos. Se eles non collen a substitución será moi difícil e complicada a continuidade desta Asociación.

¿Que achega considera que aínda lle queda por facer ao Centro Galego para participar máis no entramado social da cidade?

Creo sinceramente que o Centro está dando e aportando moito á Cidade de Lleida e non é necesario cuantificalo no número de actividades que se realizan ao longo do ano. É importante que vos sintades correspondidos e estou seguro de que así é, e que tódalas as institucións recoñecen e valoran o voso esforzo. É necesario e imprescindible que pensedes nos mozos e que eles sintan e valoren o que estades facendo: sen o seu compromiso non temos futuro. Sei que é difícil pero hai que intentalo.

Algunha anécdota ou suceso interesante como Ex-Presidente que foi do Centro Galego de Lleida, que considere interesante resaltar.

Anécdotas, sendo Presidente, moitas pero tal vez recordar dúas que me chamaron moito a atención. A primeira foi coñecer a personalidade e carácter do Director do Ballet Galego Rei de Viana e unha pretendida entrevista que lle intentamos realizar Maximiliano Castro e eu mesmo, na antiga sé de Alcalde Costa. Custounos unha chea de tempo e esforzo que se achegase ao Centro pero conseguímolos. Realizamos a entrevista e cando pensabamos que o tiñamos acadado, démonos conta de que se nos esqueceu poñer en ON a grabadora, ¿Quen lle dicía que a tiñamos que repetir?. Evidentemente desistimos. E a que logo non existe nin existirá documento sonoro, que conste que o intento tivémolo.

A outra foi a conversa mantida na longa hora de viaxe dende o Aeroporto de Barcelona con D. Manuel Fraga, naquela etapa Presidente da Xunta de Galicia, que viña a inaugurar a nosa nova sé en Joc da Bóla. Nesa conversa estabamos presentes Celso (Tesoureiro) e nese momento condutor do auto, o Sr. Amarello de Castro (Director Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas no Exterior) e eu mesmo. Pódovos asegurar que, deixando aparte ideas políticas, Celso e eu tivemos a habilidade de enlazar unha serie de preguntas, ás cales Don Manuel respondeunos con moitísimo agarimo e sinceridade, demostrándonos, polo menos a Celso e a min, o seu descoñecido para nós "lado persoal - humano" de bon esposo, pai e avó e o profundo agarimo e a proximidade que nos tiña e espero que aínda nos teña a todos os Galegos da diáspora. Se eu sempre lle tiven moito respecto, dende aquel día téñolle bastante máis.

Achega persoal nesta entrevista.

Gustaríame a través desta entrevista, dárvolas grazas, en xeral a tódolos Galegos de Lleida e aos que non sendo Galegos de nacemento, cada día están apoiando as vosas iniciativas. E en particular a todos e cada un dos membros da Xunta Directiva do Centro, pola importante labor que estades realizando e que tan pouco recoñecemento pola nosa parte obtendes.





Homenaxe a José Rodríguez Giráldez

Fai pouco, neste mesmo verán, deixounos definitivamente un home dunha valía fóra do común. Trátase de José Rodríguez Giráldez, probado galego nacido en Xinzo- Pontearreas (Pontevedra), no ano 1940.

¿Que dicir de el? Creo que poden faltarme as palabras que con xusteza o describan pois fixo tanto e tanto polo noso Centro Galego que todo o que tente dicir aquí non chegará a abrangue-la súa magnífica labor.

Cómpre dicir que nunca escatimou esforzos para que este Centro, cultural e gastronómico, subise á cima o máis que poidera; e os traballos duros tiñan en Pepe un voluntario constante: sardiñadas, castañas pro Magosto, polbo prós Campos. . . , aí sempre se podía atopar a este home, firme e disposto, e sempre tamén, sen darlle importancia ás cousas tan importantes que facía.



po: dende Xinzo foi á “mili” moi novo pois entrou coma voluntario, especializándose logo en metalurxia, oficio que desempeñou durante toda a vida; comezou traballando nos estaleiros de Vigo e un pouco máis tarde pasou a Bilbao para ir a parar, despois, a Málaga ata que ao fin veu dar aquí, a Lleida, exercendo o seu traballo, primeiro na Fábrica de S. Miguel e logo, no pobo de Puigverd. Nesta cidade de Lleida

coñeceu a M^a. Carmen Marchal Ruíz e casou con ela o 6 de Novembro de 1966 formando ámbolos dous unha familia encantadora con, ademais da súa sogra, dúas fillas (M^a Carmen e Rosalía) e un home (Abraham); todos eles estiveron vinculados ó Centro Galego onde participaron moi activamente en diversos actos culturais.

Aínda queda algunha outra faceta que tratar como é a inquedanza pola cultura en xeral e pola astronomía en particular; o seu gusto e interese polos astros fíxoo estudioso deste tema ata o punto de construír un telescopio para observa-lo firmamento. As prediccións sobre algúns fenómenos meteorolóxicos contaban con moitos acertos, e esta paixón mesmo levouno a pronunciar algunha conferencia no Centro Galego.

As súas inquietudes levárono tamén a facer mesmo de labrego. Ó tempo que madrugaba para contemplar as estrelas, sementaba e recollía, recollía e volvía a sementar gozando da terra e dos produtos que grazas ó seu esforzo, ésta rendía.

Moitas máis cousas podía escribir sobre este home ó que aínda vexo levando ó seu netiño da man, conversando con el e transmitíndolle algo do seu saber; un home entrañable, aínda que a súa timidez, con algunha aparencia de dureza, quixera agocha-la tenrura que levaba dentro.

Rosa González Mahía



E. velaí a historia dun home sinxelo e grande ó mesmo tem-

E, ¿que dicir da súa participación na nosa Corral? Os compoñentes do Grupo de canto, aínda hoxe choran a súa ausencia. A fantástica voz de baixo que posuía, enchía calquera espacio e poñía a pel de galiña; era tal a súa devoción por cantar que aínda non estando moi conforme con algunhas cousas, acudía sen pestanexar a calquera acto que programásemos; e non digamos aos ensaios: ata cáseque ó final, viña sempre puntualísimo e someténdose á dureza da disciplina que supón a aprendizaxe das cancións; ¡cantas veces viámolo vir coxeando ata o punto de ter que empregar unha muleta!; e, a pesares de estar tan mal, non adoitaba saír da súa boca nin a máis pequena queixa.






GALICIA

TERRA, XENTE, LINGUA, POBO

IV – POBO: O SÉCULO XIX (aproximación histórica)

Convulso dezanove, tan preto de hoxendía.
Os homes non acougan,
non pensan que esta vida
ten as horas contadas aínda que camiñe.
Ferve a cachón o pote, onde cocen ideas
e o sangue seica brinca tentando ir ó par delas.
E ¿Por que todo iso, se van quedar na terra
ideas liberais,
absolutas ideas?
Sempre o home foi, sempre,
alimaña pró home
que soña mais non pensa
na concesión, de balde,
das noites e dos días.
Pro isto non lle chega
ás ambicións nefandas
que nelo non cavilan.



Gravado da Constitución de 1812



Cantón de Porlier na Coruña

Despois de saí-los franceses de Galicia, tra-la guerra da Independencia (precisamente este ano 2008 cúmplase o bicentenario), había a posibilidade de crear **ou** unha Xunta nova, chamada XUNTA DO REINO, que tiña apoio inglés maila preferencia do clero e dos fidalgos, **ou** manter ó Capitán Xeneral de Galicia. Aínda en contra das opinións do Conde de Garoña (D. Gaspar María Nava e Álvarez), segundo comandante do exército e Reino de Galicia, constitúese na cidade da Coruña, o 22 de Xaneiro de 1810, a XUNTA SUPERIOR DE GALICIA E AS SETE PROVINCIAS. Esta Xunta, despois do seu traslado a Santiago, acabou esmorecendo porque as CORTES ordenan a creación de deputacións provinciais e en Galicia constitúese unha destas deputacións que abrangue todo o territorio do Antigo Reino. Así a “Deputación do Reino de Galicia” que se crea o 29 de Marzo de 1813, cénvterese nun poder intermedio entre o poder central e a administración municipal.

No ano 1812 proclámase a Constitución (chamada vulgarmente “La Pepa”) nas Cortes de Cádiz. E este feito tan importante tivo os seus detractores e os seus partidarios poñendo no medio á figura de FERNANDO VII chamado por algún, “o desexado” e que naqueles intres non se atopaba en España. Coa súa volta encozema unha serie de tirapuxas entre os chamados absolutistas ou “fernandiños” (cregos, nobres e clase media), defensores da monarquía tradicional, que tiña tódolos poderes na súa man, e os liberais ou constitucionalistas (fidalgos, profesionais e comerciantes) partidarios de que o rei xurase a Constitución e, polo tanto, de que houberese división de poderes: **poder *lexislativo***, compartido coas Cortes;



poder executivo, pertencente ó presidente do Consello de ministros e **poder xudicial**, propio dos tribunais de xustiza con independencia do goberno e da Igrexa.

Al Sr. PIÑA ALONSO le deseamos, a través de nuestra Revista del Centro Gallego de Lleida, “XURDIMENTO”, muchos éxitos en su profesión y que siga veraneando en la preciosa y querida Ciudad de TUI, claro está, en compañía de toda su familia.

Jesús Sieiro Casasnovas





Entre la afición y el trabajo



54

Χιρδιάμεντο

Siempre me han gustado las labores; desde muy pequeña me han entusiasmado. Cuando mi madre por las tardes se ponía a hacer punto o a hacernos para mi hermana y para mí la ropa, pensaba que de mayor también yo lo haría; realmente ha sido así, me he confeccionado mi ropa, bordado a máquina, hecho punto, ganchillo, bordado fino y bolillos. Pero la labor que más satisfacción me ha dado, son las labores de PATCHWORK; no sólo disfruto haciéndolo sino que lo que me gusta es enseñar a trabajar dicha técnica.

El PATCHWORK, se confecciona con telas recicladas de algodón; antiguamente se aprovechaban los trozos de tela para parchear y poner en la ropa vieja.

No se conoce con precisión su antigüedad pero en el Museo de Boulak de El Cairo (EGIPTO), encontramos una pieza de piel de gacela teñida y cortada que data del año 980 a.c.. También se sabe que en la historia de CHINA sus indumentarias estaban hechas con tejidos confeccionados entre sí.

En Europa, se confeccionaban estandartes,

vestidos y chalecos para familias nobles europeas, se utilizaban tejidos que unidos entre sí, tomaban diferentes formas y dibujos.

Hoy en día, es una labor muy extendida, y las telas que se utilizan son de algodón 100x100, pudiéndose confeccionar: colchas, tapetes, bolsos, juegos de cocina, baño y todo lo que la imaginación y un buen diseño puedan llegar a crear.

Las distintas técnicas en las que pueden desarrollarse los trabajos de Patchwork son, entre otras, las siguientes, Pieccin, Log Cabin, aplicación. En fin, es una labor que por su belleza, utilidad práctica y decorativa, tiene un gran éxito y un futuro prometedor entre los que la practicamos.

M^a Alba Gil Bardanca





Eleccións EUA



O catro de novembro de 2008 non pasará a historia por ser o día no que un afroamericano gañou as eleccións ó despacho oval, senón porque se puxo fin dunha vez á era Bush ¡¡ALELUIA!!

Despois de oito anos de nefasto, desastroso, irracional mandato, como dixo Tomás Elías Martínez no programa especial da SER, “Ya era hora de echar a ese ignorante”. Nese programa retransmitido dende Florida por Carles Francino e Ángels Barceló con motivo das eleccións, interviron personaxes da talla do expresidente español Felipe González, o ministro de asuntos exteriores Miguel Ángel Moratinos ou o escritor colombiano Carlos Fuentes.

A xornada electoral, persoalmente, vivina con gran expectación aínda que o resultado xa se intuía (e iso que non votaba, será porque son estudante de ciencias políticas e gústanos saber tódolos detalles), porque considereino coma un día histórico.

Esta foi a campaña máis costosa da historia: 2.000 millóns de dólares cunha participación do 80%.

Patente quedou que os EUA querían un cambio; non só eles senón tamén o resto do mundo.

Ó final o “YES, WE CAN” da campaña electoral demócrata repetido ata afonía por milleiros de simpatizantes arredor do mundo, converteuse en “YES, WE COULD”, si, poidemos.

Moi malo sería que gañase McCain, porque con esa idade igual lle daba un mal e quedaría de presidenta, Palin; entón nese caso sería aínda un goberno máis desastroso co anterior (se un era ignorante, a outra xa non existen nin calificativos). Xa ó final da campaña, cando o barco republicano facía augas, entraron na dinámica de descalificacións, con ocorrencias como “socialista” e “enclenque”.

¿Como é posible que haxa alguén que defenda a un suxeito tan indefendible como é Bush, que arrastrou ó mundo a unha guerra totalmente inxustificada só porque cría que tiñan armas de destrución masiva? Aínda por enriba, os seus amigos, da famosa foto das Azores, fanlle caso e involucran ós seus países, para demostrar que están do lado do “xefe”. Por quedar ben con Bush, alá mandaron as súas tropas e, claro, logo chegaron as consecuencias: 11-S, 11-M.7-J.E; despois teñen a santa cara de dicir que non atoparon as famosas armas, despois de que arrasaran en Irak.

Pois ben, agora que desaparece da escena política o embaucador (esperemos que non lle den un sillón presidencial en ningunha fundación nin que lle paguen millonadas por dicir chorradas e meter a pata constantemente), o seu sucesor, Obama, ten a difícil tarefa de recuperar a confianza perdida.

Obama entrará nos libros de historia como presidente electo dos EUA como o fixeron no seu tempo Kennedy, Johnson, Nixon, Carter, Reagan, Bush pai, Clinton e Bush fillo. A súa victoria, a gran esperada por medio mundo, a victoria que saque a flote un país fundido na lama e que arrastrou tras de si ó resto do mundo, traerá cola. ¿por que? porque para nosa desgraza, se América estornuda, en Europa acata-rámonos. Boa sorte.

Natalia Valado Gregorio Sela-Arbo
(Pontevedra)





Lonxe e preto. Viaxe ao corazón da Mixteca



56

XURDIAENTO

Chegamos xa de noite, agora hai un ano. A mestra da aldea, Abigail, levounos nunha camioneta á casa dos veciños. Era a primeira vez que eu montaba nunha camioneta coma esa, só as vira nas películas que explican historias da Fronteira ou de lugares remotos por ese México tan dispar. O frío rexo de novembro metíase entre os nosos abrigo. As poetas estabamos unhas a carón das outras, entre risas e complicidades. A casa dos veciños non quedaba moi lonxe, á fin, todo Tequixtepec era un puñiño que un podía percorrer rapidamente, chea de carreiros estreitos nos que unha capa de po fai perennemente acto de presenza a cada pouco.

Por fin, Abigail anunciou que o noso destino era aquel ranchiño que se vía alí ao fondo. Cando chegamos, esperábanos fóra os nosos anfitrións cun aberto sorriso e fixéronnos pasar ao núcleo da casa que poderíamos chamar “comedor” sendo moi xenerosos. Despois do bico de rigor (un só, segundo o costume mexicano) acomodámonos arredor dunha sinxeliña e longa mesa improvisada. No centro dela, unha torta de nata nunha caixa. Nós, as poetas, fómonos presentando. No

grupo de poetas que a organización do Encontro destinou a Tequixtepec atopábanse á parte de min, unha poeta brasileira, outra de Bos Aires, dúas mexicanas e outra de Porto Rico que vivía en Nova York. Aínda que as nosas orixes eran tan distintas e distantes, por aqueles azares da vida, resultamos ser moi semellantes tanto no tipo de poesía que faciamos como no humor ácido. Por suposto, grazas a el, pasámolo moi ben aqueles dous días na aldeña de montaña pertencente ao estado de Oaxaca, no sur de México.

A dona da casa fixera os anos había un par de días pero esperou á chegada das poetas para





Lonxe e preto. Viaxe ao corazón da Mixteca



celebralo connosco. Para tal ocasión festexáronnos cuns pratos típicos da zona, elaborados con moito amor, de resultado sabrosísimo coma o de toda a gastronomía mexicana, aínda que de poucos recursos materiais a teor da sinxeleza de toda a casa. Un chan de area, sen embaldosar, apenas uns poucos mobles reciclados en improvisadas mesas. Unha pantalla de plasma e mais una filmadora, contrastaban de maneira surrealista coa contorna, obxectos seguramente traídos por algún fillo desde os Estados Unidos para agasallar ós pais. O dono da casa, coa cámara sempre atenta inmortalizou durante toda a noite a velada coas “señoritas poetas” entre planos curtos, contrapicados propios dun Spielberg, mesturado todo con tequila, mezcal e rancheras que entoaba maxistralmente a dúo con outra veciña da aldea.


Ao día seguinte, á tardiña, xa entre lusco e fusco, fomos recitar a unha especie de auditorio da vila diante das cesteiras (a venda de cestos é unha fonte de ingresos adicional para tan paupérrima economía). Parte deste edificio é o museo local. Nel atópase a historia da vila desde antes da chegada dos españois e a evolución-revolución que sufriu ao longo do tempo. Unha igrexa impresionante fálanos do seu pasado esplendoroso, hoxe afogado polos desexos de emigración dos máis novos do lugar. A pegada do “Imperio” aínda se deixa notar no imaxinario infantil, froito de historias contadas de pais a fillos. Puidémolo



comprobar aquela mesma mañá, cando ao ir recitar ás escolas, os rapaces que xogaban no patio comezaron a dicir: “escóndanse que vienen los españoles, ¡córranlos, córranlos!” entre os risos do que se di en xogos.

Os alumnos escoitaron entusiasmados os poemas e as nosas explicacións. Cando me tocou a quenda a min, o que lles chamou a atención é que me presentase como “gallega”, sinónimo de parvo aínda hoxe (somos os leperos de toda América Latina). Primeiro riron e dábanse cos cóbados con disimulo. Logo, cando eu lles fun contando quen eramos nós de verdade, a nosa cultura propia e que tamén sufrimos coma eles a persecución lingüística, as súas faces mudaron completamente. A similitude entre a situación da súa lingua mixteca, relegada aos pobres, aos vencidos, e o galego, callou neles. Animeinos a querer a lingua dos seus antergos, a non deixar que se perdera, a aprender a sumar e non a restar culturas.

Din que non hai que desprezar o poder da palabra. Tal vez, algunha das que se dixeron entón alí, ante as cariñas dos nenos de Tequixtepec poidan ser algún día xermolo contra o inxusto esquecemento.



Pura Salceda
novembro 2008



Chufu Llorens, *Te daré la tierra, Barcelona,* Grijalbo Mondadori, 2008¹

Acercarse a los textos literarios siempre resulta placentero y enriquecedor; acercarse además, a una obra de carácter histórico como *Te daré la tierra* aumenta todavía más esa sensación de viajar por la vida a través de las palabras de un narrador -confieso que hasta la fecha para mí poco conocido- pero que ha abierto ante mis ojos un universo intrigante ligado a la vida de palacio allá por los siglos mal llamados oscuros.

Chufu Llorens, nacido en Barcelona en 1931 estudió Derecho e inició su carrera como escritor en 1986, fecha en la que quedó entre uno de los diez finalistas del Premio Planeta. Llorens, que antes de convertirse en escritor fue empresario del espectáculo, es un autor poco prolífico, aunque como apuntábamos, comenzara su carrera literaria hace ya más de veinte años. Cabe puntualizar que entre sus obras destacan: *La otra lepra, Catalina, la fugitiva de San Benito y La saga de los malditos*, todas ellas han recibido el reconocimiento de la crítica y de los lectores.

Inmersos en *Te daré la tierra*, cabe decir que a lo largo de unas seiscientas páginas y sumergidos en pleno siglo XI, la obra va avanzando entre la ficción novelesca y la realidad por el gobierno de la Condesa “Ermesenda” de Carcasona y por el de su nieto Ramón Berenguer I, Conde de Barcelona. Tras unos capítulos iniciales en los que el autor nos va introduciendo en las costumbres de la Cataluña medieval, la trama se va desarrollando a través de las desavenencias familiares, la lucha de poderes, los enfrentamientos bélicos y los conflictos amorosos.

Indiscutiblemente, la novela evoca un pasado de nuestra historia en el que las tres comunidades: cristiana, hebrea y musulmana, estaban obligadas a convivir e interrelacionarse. Ello conduce a que dentro del relato, el autor vaya hilvanando una serie de historias paralelas en las que mediante relaciones comerciales o relaciones amorosas, los tres pueblos se aúnan en algún determinado momento o circunstancia.

El escritor se sirve de un personaje principal, Martí Barbany, creado a partir de un caballero del siglo XI e inspirado en un personaje real (Ricard Guillem, prohombre de la ciudad condal) que llegó a tener gran

peso en la Barcelona del momento y que ha sido estudiado por el medievalista J.E. Ruiz Domènech, para ir tejiendo la trama argumental. Junto a él, los amoríos adúlteros del Conde de Barcelona con Almodis de la Marca, condesa de Tolosa, que le enfrentaron con los condados vecinos y con el mismo Papa, haciendo peligrar la paz de la ciudad condal, van convirtiéndose en la espectacular historia que engancha al lector desde el comienzo del volumen.

La lucha y las tensiones entre personajes protagónicos y antagonicos, el elaborado trasfondo histórico, las relaciones amorosas fallidas, los impúdicos actos de un padrastro pederasta, la nobleza de un comerciante judío y el exitoso camino de un joven como Barbany que, con su buen hacer, llega a la cima de sus objetivos, son en resumen ingredientes fundamentales para que uno se sienta cautivado por el relato.

Inevitablemente, *Te daré la tierra* ha sido comparada a la también reconocidísima novela *La catedral del mar* del escritor y también abogado barcelonés, Ildefonso Falcones. Huelga decir que las comparaciones nunca son del todo acertadas pero bien es cierto que ambas novelas se adscriben a una corriente en la actualidad muy en boga que no es otra que la de la novela histórica. Escritores como Alfred Bosch, autor de obras como *L'Atles furtiu* o *Àlia, la sublim* y ganador del Premio Ramón Llull 2004, también se hallaría en la citada tendencia.

A modo de cierre, sirvan estos breves versos de una albada medieval que bien hubiera podido ser cantada por Aixa (esclava musulmana que cobra un especial protagonismo en la novela) o por el propio Martí cuando visitaba a su adorada y a la vez desdichada Laia: *Ya cantan los gallos, / amor mío, y vete: / Cata que amanece. / Vete, alma mía, / Más tarde no esperes, / no descubra el día / los nuestros placeres. / Cata que los gallos, / según me parece, / dicen que amanece.*

Marisa Torres Badia.



¹ *Te daré la tierra* fue una de las novelas más exitosas de Sant Jordi, 2008; fueron vendidos alrededor de unos 150.000 ejemplares.



O Sancristán (W. Somerset Maugham)

Nun deses enormes libros nos que se recollen as obras completas dos “monstruos” literarios, e despois de soporíferas cursiladas que un debe ler por aquilo de ter “catado” ós clásicos, atopei un día - hai moitos anos - unha curiosa historia que, co seu recoñecido estilo de clásico inglés, narra Somerset Maugham. Tratarei, logo, de resumila ó meu particular xeito, salvando as distancias coa versión orixinal.

Fai o autor unha espléndida descripción do personaxe -o **sancristán da igrexa de S. Pedro de Londres**-, do seu aspecto físico, porte persoal, esmero ético i estético, no desempeño das súas funcións auxiliares da liturxia parroquial. Albert Edward Foreman -tal é o nome do dito sancristán- síntese verdadeiramente satisfeito no seu emprego; sentimento que é recíproco nos membros do Consello e os feligreses que sempre aprobaron a súa “maneira de ser e de facer” nos suntuosos *fastos sacramentais* que se celebraban na máis destacada igrexa de Londres, a igrexa de S. Pedro, na Praza de Nevill. Recalca o autor a importancia desta igrexa, non tanto pola súa ubicación e arquitectura, canto pola clase social e institucional da súa distinguida feligresía. Dito sexa, para facernos unha idea, que compoñían a “Xunta” ou “Consello parroquial” os máis destacados lores, asemade cunha representación destacada da Corte británica e da nobreza local.

En tal ambiente, non é de estrañar que o Foreman non coupera en si de fachenda, sabéndose o sancristán máis importante de Londres. Pero a estabilidade de vida, social e familiar, que tiña vivido perante moitos anos, crevou cando se produciu o relevo do vicario. Porque na igrexa, coma no resto das institucións, cando hai cambio de xefe, cambian tamén os costumes; e foi fatal casualidade que o novo vicario lle mandara ler algún escrito ó sancristán, descubriendo así que o malpocado Foreman non sabía ler nin escribir.

Narra Maugham, extensamente e con suma sutileza, o ir e vir de notificacións entre os poderes de control da igrexa anglicana e os poderes puramente eclesiásticos; como semellante escándalo podería afectar ó bon nome da parroquia e, no peor dos casos, ó nome da igrexa mesma, se o escándalo se extendera pola cidade, xa de nada valía cargar as culpas sobre o lombo do vicario cesante, pola súa desidia. Reuniuse, xa que logo, con urxencia, o Consello Parroquial, e acordaron ofrecerlle a Foreman un despedido cunha indemnización económica xenerosa. Convocaron ó sancristán e, na presenza de dous celadores eclesiásticos -un lord e un representante da nobreza- comunicáronlle a irrevocable decisión: El -Albert Edward Foreman- fel empregado eclesiástico dende había máis de dezaseis anos, non podía seguir sendo o sancristán da igrexa de S. Pedro porque non sabía ler nin escribir. E despois das consabidas *monsergas* sobre aprecios persoais e agradecementos polos servizos prestados a tan digna e sagrada institución, fíxoselle entrega do xeneroso cheque bancario.

Podemos maxinar como se lle quedou o corpo ó ex-sancristán cando, coa cabeza baixa, mirando ós pes, camiñaba



pensativo como non querendo chegar á casa por non dar a mala noticia. Para el a sancristía da igrexa de S. Pedro era todo, agás a casa e a familia. ¿Onde había atopar agora un traballo tan digno coma o que acababa de perder? ¿Que lle diría ós seus cando chegara á casa?

Non era o Foreman un cotián fumador, mais quixo fumar un pitillo por ver se relaxaba un pouco a súa mágoa. Non levaba consigo nin felepa de tabaco; por iso mirou a un lado e outro da rúa por ver se había un estanco; non vendo ningún, virou e tirou por outra rúa, e por outra máis sen ver estanco algún. Ficou quieto un instante, ergueu a cabeza, deixou de matinar na súa mala sorte e cavilou: << ¿Cantas persoas pasarán cada día por este sitio, que queiran mercar tabaco e non teñan onde facelo? >>. Non sei se mercou, ó fin, tabaco. O caso é que meteu a man no peto do sobrepeliz onde metera o cheque bancario, mirou novamente a cantidade e pensou que con aquel capital podía mirar de abrir un estanco por aquela zona.

Claro que abriu un estanco, e cando comezou a ter beneficios abriu outro e logo outro; ata que, xa dono dunha considerable rede de estancos, chamouno un día o director do banco pra lle ofrecer a posibilidade de lle sacar máis rendimento ós cartos que, en cantidade importante, tiña en conta corrente. <<Podemos colocalos en valores de probada garantía, e boa rentabilidade; é moi doado>> dixolle o banqueiro, <<tan só ten que ler este documento e, se está conforme, firmalo. O banco encárgaselle de tódolos trámites>>

- Pero hai un problema, dixo Foreman, eu non lle sei ler nin escribir

- ¡Santo Deus!, exclamou o bancario pegando un brinco no sillón, ó escoitar tan sorprendente confesión. ¿Pero que acabo de oír? , ¿Onde estaría vostede se soubera ler e escribir?

- Eu llo direi, di Foreman : **de sancristán da igrexa de San Pedro**



Las iglesias fortaleza de la comunidad de Calatayud



IGLESIA DE SAN FÉLIX, TORRALBA DE RIBOTA

60

XURDIAMENTO

“El arte mudéjar es el único tipo de construcción peculiarmente español del que podemos envanecernos” esta afirmación es del erudito D. Marcelino Menéndez Pelayo y es que en ningún país del mundo se puede hallar esta original simbiosis, en lo artístico, entre el islam y la cristianidad, quizá con la salvedad de Sicilia.

En cada región española donde este fenómeno artístico se produce, aparecen características distintas. Se pueden destacar como principales focos el castellano-leonés, el toledano, el andaluz y el aragonés. Casi todos los estudiosos coinciden en señalar el arte mudéjar aragonés como el más original, manteniendo sólo algunas relaciones con el toledano. Y en Aragón se da una tipología arquitectónica peculiar: la iglesia fortaleza. En la Comarca de la Comunidad de Calatayud se conservan los mejores ejemplos de

esta simbiosis religioso-militar, siendo la Iglesia de San Félix de Torralba de Ribota una de las que mejor representa esta singular tipología.

Torralba de Ribota es una pequeña localidad situada a 12 km. de Calatayud, en un desvío de la N240 dirección Soria. En ella encontramos una de las iglesias más hermosas del Mudéjar Aragonés, la Iglesia de San Félix, una visita obligatoria para todos aquellos que quieran disfrutar del mudéjar,

Tras la devastadora guerra fronteriza con Castilla, comienzan las obras de construcción de esta templo impulsadas por el obispo D. Pedro Pérez Calvillo hacia el año 1367 terminándose en las primeras décadas del s. XV bajo el patronazgo del obispo de Tarazona, D. Juan de Valtierra. Con toda probabilidad intervino en la ejecución de la obra, Mahoma Rami que durante esta época



Las iglesias fortaleza de la comunidad de Calatayud



ejecutó varias obras en la zona como por ejemplo, la cercana iglesia de Santa Tecla de Cervera de la Cañada y la desaparecida iglesia de San Pedro Mártir de Calatayud, mandada construir por el Papa Luna, Benedicto XIII, como mausoleo a sus padres.

La inestabilidad fronteriza de la zona motivó que la fábrica de este templo se encuadre dentro de la tipología de iglesias-fortaleza, caracterizadas por el fuerte carácter militar que ofrecen sus compactos volúmenes.


De planta rectangular y una sola nave presenta un presbiterio de cabecera recta y capillas laterales entre las torres-contrafuerte. Sobre estas capillas se desliza una tribuna de arcos apuntados que, a modo de galería, rodea el edificio excepto en la fachada principal. La decoración exterior


es sobria, sólo se enfatiza resaltando el ladrillo en grandes paños a base de mallas de cuadrados entrecruzadas en los ángulos. En el hastial occidental es donde la portada se abre con arco apuntado, con decoración de yeserías góticas y motivos heráldicos con las armas de la villa; dos torres, una de mayor tamaño, flanquean el conjunto. Con posterioridad a la construcción del edificio se abrió una puerta con arco de medio punto en el muro norte.

El interior nos presenta una sola nave, a la cual se abren las capillas laterales. El presbiterio está formado por tres capillas de planta cuadrada, de mayor tamaño la central, con cubierta de crucería sencilla; están abiertas a la nave central por arcos apuntados de los cuales el de la central es mayor y está flanqueado por dos pináculos.

La nave está cubierta por bóvedas de crucería simple con claves pinjantes de mocárabes rematadas con el escudo de la Villa. La iluminación del interior se resuelve por medio de ventanales partidos por un solo mainel con arcos lobulados; celosías de yeso cierran los intercolumnios a diferentes alturas; el resto del sistema de vanos está constituido por óculos.

A los pies de la iglesia se levanta el coro alto. Un alfarje de madera policromada se apoya en tres arcos, apuntados los laterales y rebajado el central. En un capitel de las columnas que lo sustentan aparecen las armas de D. Juan de Valtierra, obispo de Tarazona entre 1410 y 1433, dando una cronología relativa a esta obra. La techumbre tiene el mismo ancho que la iglesia, aunque escasa profundidad. Está construido en un sistema





de apeos en voladizo, en forma de quilla decorada con formas vegetales y animales así como inscripciones latinas con caracteres góticos: “AVE MARIA GRATIA PLENA, DOMINUS TECUM, BENEDICTA TU” y “DEUS HOMO FACTUS EST” “XPS VIVIT, XPS VINCIT, XPS REGNAT”.

La decoración pintada y agramilada del interior de la iglesia sorprende por una magnífica red mixtilínea, que reviste la totalidad de sus muros hasta la imposta que corre por encima de las capillas.

En una restauración de las pinturas murales se descubrió una inscripción árabe que corresponde a la sura 112 del Corán y que reza “*Di: sólo Dios es uno, Dios es inmutable, no ha engendrado ni ha sido engendrado ni ha tenido nadie igual*”.

Pero no sólo es la iglesia de Torralba de Ribota un conjunto artístico de singular interés por su valor arquitectónico; en su interior se atesoran importantes obras de arte acumuladas durante siglos, pero de entre todas cabe destacar el conjunto pictórico compuesto por los tres retablos góticos del s. XV atribuidos a Benito Arnaldín y al Maestro de Torralba situados en la cabecera.

El retablo de San Martín está firmado por Benito Arnaldín, pintor afincado en Calatayud durante la primera mitad del s. XV. Formado por un cuerpo de tres calles y banco. En la calle central la imagen de San Martín obispo de Tours y sobre éste el calvario; lo rodean en las calles laterales seis escenas de la vida y muerte del santo. El banco está compuesto por tablas con las imágenes de la Magdalena, La Virgen de los Dolores, Cristo de la Piedad, San Juan y San Andrés.

El retablo de San Andrés es obra del llamado Maestro de Torralba cuyo estilo deriva del de Arnaldín. La imagen del Santo titular sentado en un bello trono ocupa la calle central; sobre esta tabla, el Calvario. En las calles laterales están representadas escenas de la vida y muerte de San Andrés y el banco lo ocupan cinco escenas de la vida de San Francisco de Asís.

Los restos que se conservan del retablo de San Félix son cuatro tablas con cuatro escenas cada una, pintado también en la tercera década del S.XV. Estas dieciséis escenas corresponden a las calles laterales del retablo. Faltan las centrales, que con toda seguridad serían la imagen del titular y un Calvario y el banco.

Especial interés tiene la sillería que hay en el presbiterio, con siete asientos cuyos reposabrazos están decorados con motivos gótico-flamígeos de principios del s. XV, época de terminación de la iglesia.

Considerada por algunos estudiosos como “*quizá la iglesia mudéjar por excelencia de Aragón*” fue declarada en el 2001 **PATRIMONIO DE LA HUMANIDAD**.



José Luis Cortés Perruca.



O vendedor e a calma plana



A rula, branca e negra, pousou na chimenea. Saltou despois a unha antena de televisión, voou ata a soleira dunha ventá aberta e axexou no interior sombrizo dun cuarto. Fuxiu cando un gato miañou espantado pola voz rouca dunha muller anoxada: o gato saltou o valo de cemento e foi dar aos meus pés, que esquivou cun súbito arrepío. A rula, sabe deus que novos patios exploraba naquel momento. Amoloume ese berro inesperado da muller cando eu máis absorta estaba nos movementos daquel paxaro que quebraba o aire en bruscos fragmentos de liñas rectas. Da chimenea á antena, da antena á ventá. Dende o meu punto de vista, todo o tempo que botaba no patio resumíase na satisfacción momentánea, totalmente prescindible ao cabo duns minutos do voo dunha rula. Outras veces era a respiración profunda dun veciño o que me atrapaba durante un tempo: o movemento do peito a subir e baixar, as cabezadas dunha sesta profunda e enferma. Ou os intentos vans dun raparigo por facer voar un papaventos nun lugar onde case nunca se movía o aire.

Pero aquel lugar, aquela sucesión de patios de cemento que alternaban con xardíns de céspede coidado, era o lugar onde eu me reclinaba cando a cidade deixou de caberme na palma dunha man.

Eu non tiña ningunha imaxe da cidade ata que cheguei a ela, así que todo me nacía, espertaba en min. Pero iso non significaba que a cidade existise da mesma maneira en que eu a creaba con cada mirada. Nunca fun consciente da dimensión e da forma da cidade, nin sequera co paso dos anos; e menos aínda entregada á vivencia narcótica da preguiza. Ao principio tiven a sensación de que a podía encerrar nun puño, de que a podía percorrer dun extremo a outro en pouco máis de media hora. Pero despois ela comezou a expandirse como un animal deforme e a miña mirada desenvolveume deslocalamentos que rompían a primeira harmonía, protuberancias que afogaban os bosques próximos. Deixei, daquela, de mirala, de percorrela, e reclinábame nun espazo pequeno, nunha casa que se abría, pola parte de atrás a esa anarquía de parcelas que, segundo a súa aparencia, me permitían intuír que tipo de persoas as habitaban. Observando aquel gran rectángulo, dividido con precisión xeométrica, perdín por completo a referencia esférica do mundo. Alí entreguéime sen dor á preguiza máis absoluta, totalmente estéril. Alí fun consciente de que a preguiza tende a ser plana, ao mesmo ritmo en que os seres posuídos por ela nos volvemos planos e estupidamente felices.

Un día un vendedor ambulante que axitaba unha campaña saltou, coma o gato, os valos de cemento e chegou onda min. Eu, coma sempre, non facía nada especial. Era a hora da sesta e moneaba debaixo dun toldo listado que levantara no xardín para ampararme das raxeiras do verán e das escasas chuvias do inverno. Tiña as pernas encoiras

e estendidas coa intención de douralas ao sol da primeira hora da tarde.

—Impórtalle se descanso un pouco? —preguntou o visitante cun sorriso que inspiraba confianza.

—Quere un vaso de auga? —pregunteille.

—Con moito gusto llo aceptaría —respondeu alegre. Sentou á sombra do toldo e pousou a campaiña no chan. Servílle auga fresca.

—E logo, que vende?

—O que atopo polo camiño —encolleu os ombreiros e bebeu cos ollos pechados. Non tardou en sorrir.

—Polo que vexo, hoxe non atopou nada.

—Non, hoxe non —baixou a cabeza, meteu as mans nos petos dos pantalóns e tirou deles unha diminuta maceta verde. Pousouna enriba da mesa e, ao pouco, bateu nela coas mans. Comezou a soar unha música metálica, rítmica, e unha rosa vermella saíu da maceta e púxose a bailar. A min deume a risa, el riu cunha gargallada sonora, un trebón alegre no sopor das primeiras horas da tarde. Cando deixou de soar a insufrible canción, a rosa reclinouse e a maceta volveu ser verde e diminuta. Daquela, o home volveu meter as mans nos petos do pantalón e a maceta desapareceu.

—Menudo invento.

—Cousas da competencia comercial. Empecei vendendo libros, ía piso por piso. Despois paseime ás máquinas





de coser que, verdadeiramente, fóronme un bo negocio. E un día pensei no bonito que sería vivir só de vender o que atopaba no camiño, porque, sabe?, a min o que me gusta é camiñar pola cidade de día e de noite. Atopei varias macetas coma esta despois dunha verbena. Sonlle un éxito. Tamén vou polos mercados cando pechan e recollo froita e verduras. Non sabe vostede cantas cousas se estragan todos os días!

Estivemos falando bastante tempo, ata que os veciños espertaron da sesta e comezaron as actividades diarias nos patios xeométricos: coadas, xogos de nenos, discusións domésticas, coidados do xardín. O neno do papaventos xurou contra o ceo, e o enfermo do corazón cabeceou contra a nada. Deixei saír ao vendedor pola porta da entrada, a que daba á rúa. Pero antes de que saíse, procurei algunhas cousas que eu xa non utilizaba para que as puidese vender. Pensei que tiñan que ser cousas pequenas e que non pesasen moito. Como deixara de fumar, deille un par de cinceiros de cerámica. Como deixara de coser, deille o meu costureiro. Como había moito tempo que non chovía, tamén lle ofrecín o meu paraugas estampado de flores que ben podía servir de parasol. Marchou agradecido. Perdeuse de contado entre o tráfico da cidade, como se aquel non fose o seu mundo. Eu pechei a porta correndo para non sentir os ruídos, para recluírme nas perfectas, e reveladoras, xeometrías dos patios.

Como non tiña nada mellor que facer porque elixira entregar o tempo da miña vida á virtude da preguiza absoluta e á observación pasiva das marabillas diarias, decidín construírle a aquel vendedor tan simpático unha vida fermosa e feliz. A preguiza non impide soñar. É máis, o pracer da preguiza aliméntase coa imaxinación. Reflexionei moito sobre a curiosa circunstancia de que os seres preguiceiros coma min sexamos especialmente felices. Soñei moitos días con el, adubei os momentos felices das sestras con imaxes do vendedor. Era un home novo, atractivo. Tamén adubei os meus soños coa vitalidade daquel home cando saltou o valo de cemento. E coa delicadeza das mans cando batían na mesa para facer bailar a maceta e a rosa.

Recreo, deille unha vida nova en min. Como fixera moitos anos antes coa cidade. Non o fixen rico, nin nada semellante. Construíno vendendo o que atopaba polas rúas pero, imbécil de min, cometín o terrible erro de traspasarlle os meus desexos. Quixen que atopase cousas con letras maiúsculas. Cousas importantes. Mesmo o obriguei a encontrar a columna vertebral da cidade e a rula que voaba da chimenea á antena, da antena á ventá.

O vendedor volveu aparecer a principios dun inverno. Eu estaba sentada no xardín, debaixo do toldo que me amparaba de raxeiras e chuvias miúdas pero persistentes. Lía un deses libros que me sumían nun prácido adormecemento. Non sei como foi pero unha sensación de apremo fíxome erguer os ollos. O vendedor, protexido debaixo daquel

paraugas estampado que lle dera había ben anos, acababa de saltar o valo. Víaselle canso, sucio, triste. Avellentado.

—Impórtalle se descanso un pouco? —preguntou o visitante como a primeira vez. Pechou o paraugas e sentou de par meu.

—Como lle vai a vida?

—Ímoslle tirando.

—Segue atopando cousas para vender?

—Non sei que dicirle. Antes vendía o que ía encontrando, pero agora a xente pídeme que lles dea unha pouca alegría, unha pouca paixón. Que lles faga compañía. Un día atopei a columna vertebral da cidade e tiven que endeireitala. Foi un traballo esgotador, pero creo que quedou ben. Non o notou?

—Non lle sei. Levo moitos anos sen saír do barrio —púxenme triste e esperei que el sacase do peto dos pantalóns algo que me entusiasmase. Meteu as mans nos petos pero o único que sacou foi un pano de papel co que limpou as pingas de chuvia que lle escorregaban pola cara.

—Un veciño seu mercoume os seus cinceiros, e tiven que acompañalo na súa agonía porque vivía só. Lémbravo vostede?, custáballe moito respirar. Mercoume o seu costureiro un neno ao saír da escola, díxome que o quería para coser as teas dos papaventos. Non volvíno velo. E non vendín o paraugas por se acaso. Ata seguíno o voo dunha rula polos tellados da cidade. De chimenea a antena, de antena a ventá.

—Quere unha pouca auga?

—Non. O que quero é devolverlle o paraugas.

Falamos un tempo máis, un breve tempo de inverno porque a precisa xeometría do patio estendía sombras á media tarde como se poden estender os minutos incertos. Acompañeino ata á porta de entrada, a que daba á rúa. A mesma porta pola que saíra a primeira vez. Antes de despedirmos procurei na casa algo que darlle para que a viaxe non lle fose inútil. Pero non encontrei nada que non o puidese condenar.

Separámonos e nunca máis volvíno velo. A derradeira vez que pensei nel pedínlle que me atopase a paixón perdida. Pero non debeu atopala, porque fiquei para sempre atrapada na felicidade plana do patio.



Anxos Sumai



A xeración dos papaventos



“Galicia, será a miña xeración quen te salve?”

Uxío Novoneyra



Na tradición chinesa, cando fina unha persoa, acostúmase botar a voar un papavento na súa sepultura, coa esperanza de que a súa alma atinxa antes o firmamento.

Os que nacemos após a ditadura, somos o reflexo dunha xeración que se debate entre un ceo sulcado de paxaros de papel dos que deixamos pendurados os proxectos que tiñamos para mudar o mundo non hai moito, e ise ar contaminado e contaminante que irremediamente nos vemos obrigados a respirar; o dunha sociedade que non só deu cabo da alba tea dos papaventos senón que nos está a abafar tamén a nós.

Cando me refiro á miña xeración, refírome a todos os que nacemos sobre a alargada sombra da pantasma de Franco ou nos albores da Transición, tanto ten; a primeira que tivo dereito a estudar na súa lingua nai –en galego, en castelán ou en inglés, sirva esta aclaración para os que me malinterpretan tan a miúdo -, a primeira xeración da democracia, en fin. Tal confluencia de factores favorabeis, semellante marco histórico, deulle a moitos lugar para albergar a esperanza de que ós nados na segunda metade da década dos “70’s”, ou sexa, os que xa non eramos nen hippies nen resistentes antifranquistas, nos correspondía con todo facer algo grande pola historia, polo decorrer dise tempo esperanzador que se proxectaba fronte a nós.

Até hai ben pouco tempo, eu tamén tiña a firme convicción de que nos correspondía mudar a orde das cousas. Pero non sei se foi polo que

dan en chamar crise dos trinta, que che inxecta unha dose de realismo contra o virus da imaxinación, ou porque voltei ó meu país logo dun longo exilio voluntario, e en lugar de atopalo mudado como agardaba, entendín que os meus costumes impartidos durante o longo e gris goberno do Sr.Iribarne tiñan contaxiado a moitos dos que medraron comigo, que hoxe me custa un mundo recuperar o fio maltreito do papavento que deixei voando ó abrigo do nordés. A considerar, pois, ise abismo entre o tempo no que botamos a voar paxaros de papel e istoutro en que nos convertimos nunha xeración orfa de ideais sobre tinta, cadernos e outros materiais menos estudados pero igualmente nobres. A considerar tamén, e malia todo, ise abismo entre min i eu mesma, que deixei ó igual que moitos dos meus contemporáneos, parte dos meus nobres ideais pendurados dun fío nalgures e hoxe non dou con iles, nen nas revisitadas rúas de Compostela onde tantas veces berramos consignas revolucionarias contra todo canto nos petaba, nen en tantos papeis riscados, nen sequera nos que están por riscar.

Na miña xeración, houbo sempre grupos ben definidos: os que eran de “aldea” e os que eran de “cidade”, os que falaban galego e os que non querían falalo –sobre iste tema, tamén é certo que os meus pais nunca me pediran o meu parecer coa excusa de que cantos máis idiomas falase mellor-; había tamén o grupo dos que souberon primeiro de vendimas e sementeiras e logo de libros, e o dos que pensaban que naceron apren-



didos e hoxe non son ninguén; en fin, o dos que gardaban a fé en que o leite de vaca que nos venden en cartóns seguiría a ter o gosto inconfundible do que muxían as nosas nais, e o dos que non viron unha vaca dar leite na súa vida .



66

XURDIAMENTO

Houbo, sen embargo, un lugar no que todos, indistinta e naturalmente, confluimos e nos mesturamos compartindo como bos correlixionarios que eramos, ideais e ribeiro a dez pesos no Franco. A Universidade obrou o miragre de que os que nunca falaran galego, se tornaran galeguistas, -sen acento, iso sí- pero galeguistas á fin; aquiles que nunca ergueran un dedo, nen sequera para protestarlle ós pais porque os facían ir á misa cada domingo, protestaban agora pola enésima nova lei universitaria, polo amarradoiro privado dalgún político corrupto e mesmo polo recorte da cota láctea para os labregos. É dicir, tanto tiña de onde e cara onde fósemos, nise cruce de camiños, de futuros, e de pensamentos que é a universidade; todos tiñamos sitio, voz e respecto polo alleo.

Despois, como é natural, cada un seguiu o seu camiño... Uns, moitos, convertéronse á relixión dos que promulgaban “o que non poidas facer

por ti mesmo, a política faino por ti” que, sexamos claros, é máis un xeito de sobrevivir neste noso país ca un obxectivo por sí mesmo; outros non voltaron a falar galego na súa vida para evitar malentendidos, e o resto, despérdigámonos polo mundo adiante obrigados polo que deixabamos atrás, máis tamén, por todo canto nos agardaba no ourizante. Agora, claro está, non é doado recuperar todo aquilo no que criamos, ben porque a sociedade na que vivimos non acepta de bo grao voces discordantes ou porque cada un foi deixando de crer nunhas cousas e crendo noutras, o cal tamén é natural e humano. Mesmo así, existen aínda foros comúns nos que por veces coincidimos, amais de ceas cos compañeiros da “Uni”, comidas cos amigos da “aldea” que xa só nos xuntamos nas festas e días de gardar, e como non, moitos de nós, teimamos en seguir a defender o leite de vaca, as artes de pesca tradicionais, o dereito a ter un ensino en galego e a agasallar ós nosos sobriños, afillados e demáis con literatura na nosa lingua, para que polo menos saiban que existe, e cando veñan á aldea de fin de semana se poidan entender cos seus avós e aprender historias, contos e cantigas de arrolar que tamén instrúen, aínda que doutro xeito.

Miña avoa, que gostaba de falar cos ditos dos vellos, dicía a miúdo que nós eramos así porque nolo deron todo cociñado, e malia que non lle falta razón, eu teño a certeza de que non somos unha xeración perdida. Na miña xeración hai moitos que pensan que nunca vivimos mellor ca hoxe, pero moitos máis, estamos convencidos de que o mundo que lles deixemos ós nosos fillos merece ser mellor ca iste en que vivimos. Outra cousa non sexa, polo menos ensináremolles a voar papaventos.

Noelia Rodríguez





Eulalia de Borbón



Este año se cumple el medio siglo del fallecimiento en Irún de S.A.R la Infanta Eulalia de Borbón. Alguien de quien vale la pena escribir, puesto que fue una mujer avanzada a su tiempo, convencida de la igualdad de derechos entre ambos sexos, defensora del divorcio, de la emancipación y de la participación de las féminas en todos los aspectos de la vida pública y social. Su paso por la historia no está marcado sólo por su apellido, su ascendencia o sus blasones; su ciclo vital cargado de aciertos, errores y contradicciones – como los de cualquier ser humano –, destaca por un adjetivo que lo resume todo: rebeldía. En sus escritos, de los que luego les hablaré, deja constancia de sus inquietudes y pensamientos, basados en la búsqueda de la “Mujer” con mayúsculas que toda mujer lleva dentro. Si añadimos que esta rebeldía se produce dentro de una familia genéticamente conservadora y dentro del marco hipócrita y decimonono del siglo XIX, la postura de nuestra infanta es doblemente meritoria.

Se han escrito varias biografías y contra-biografías de la infanta Eulalia. La primera, y en la que se basan todas las demás, está firmada por ella misma y la publicó en el año de su fallecimiento la Editorial Juventud de Barcelona. La obra en cuestión fue fruto de las conversaciones que mantuvo con el periodista y escritor cubano Alberto Lamar Schweyer y está llena de errores garrafales puesto que fue-



ron “dictadas” cuando la infanta tenía más de setenta años. La última de estas biografías, aparecida hace un par de meses, no deja de ser tan interesante como las demás, aunque, como en todas, el autor se obliga a tomar el camino de la especulación, por falta de pruebas concluyentes, sobre ciertos aspectos de la vida íntima de Eulalia.

Pero todos los biógrafos e historiadores que nos hablan sobre Eulalia están de acuerdo en sus méritos personales, en su amor a la vida...y con la existencia de numerosos amantes. Tales cualidades la hacen merecedora de ser conocida y admirada.

Su Alteza Real la Infanta Eulalia de Borbón nació en el Palacio Real de Madrid a las cuatro menos cuarto de la madrugada del 12 de febrero de 1864, después de un alumbramiento lento y laborioso - la Reina se había puesto de parto a las ocho de la noche del día anterior-; los médicos temieron por la vida de la recién nacida y se decidió bautizarla aquella misma tarde en la capilla de Palacio; sin embargo, nuestra Infanta había decidido llevar la contraria a los facultativos y sobrevivir. Era la hija menor de Isabel II y, según su partida de nacimiento, del rey consorte Don Francisco de Paula. La verdad es que la paternidad de la Infanta Eulalia ha sido – como la de todos los hijos de Isabel – muy discutida. La tesis más aceptada es que tanto ella como sus hermanas, la Infanta Pilar, nacida en 1861 y la Infanta Paz, nacida en 1862, son hijas del mismo padre. Disculparán mis pacientes lectores que la falta de pruebas fehacientes no me permitan asegurar el nombre de su verdadero progenitor, aunque siguiendo la pauta de la especulación les voy a dar un nombre: Miguel Tenorio de Castilla. En otros escritos les aportaré pruebas y como todas, en estos casos, insuficientes; puesto que, si la mismísima Isabel II viviera, tendría grandes dificultades para señalarnos los progenitores de sus - conocidos-nueve embarazos.

Eulalia nació en tiempos de auténtica convulsión política, eran los últimos del reinado de la hija de Fernando VII. Todo Madrid conspiraba, desde el General Prim hasta el Duque de Montpensier, cuñado de la Reina y futuro suegro de Alfonso XII y de la propia Eulalia.

La Revolución de Septiembre del 68, sorprendió a la familia real en Lequeitio; huidos por San Sebastián, se refugiaron en el castillo familiar de Pau, bajo la protección de Napoleón III y de la española



Eugenia de Montijo. Se instaló la derrocada familia en el Palacio de Castilla en París y las Infantas continuaron su educación en la ciudad del Sena, concretamente en el *Sacre Coeur*.

Para Eulalia, con apenas cuatro años, sus primeros recuerdos se sitúan en la capital francesa, donde continuamente les llegan noticias de España: la entronización de Amadeo I, la llegada de la Primera República, el golpe de estado de Pavía y al fin, la esperada Restauración borbónica con el golpe de Martínez Campos en 1874.

Cuenta en sus **Memorias** nuestra protagonista la travesía en la fragata *Numancia* a su regreso a España en 1877 y sus sentimientos respecto a la mar. **“Heredé de mi padre el gusto al mar y el horizonte ha cantado siempre en el fondo de mi alma”**. Francisco de Asís le tenía un miedo cerval al mar.

Instalada en la Corte de Madrid empieza a demostrar sus mejores virtudes, es una niña interesada por todo, entusiasta, alegre y estudiosa, espontánea y rebelde; en contraste con su hermana Isabel, la popular “Chata”, amante del protocolo y de la ceremonia. En enero del 78 el matrimonio de su hermano Alfonso XII con su prima María de las Mercedes y el desgraciado final de la joven Reina, apenas seis meses después, dejan profunda huella en Eulalia: **“Aquella historia de amor era quizá demasiado bella para ser duradera**, nos cuenta.



Con la muerte de su hija, el conspirador Duque de Montpensier se quedó por enésima vez fuera del primer plano político, por ello trabajó lo indecible hasta comprometer al simplón de su hijo Antonio con la Infanta Eulalia. Don Alfonso en persona propuso a la Infanta que aceptase al inútil oficial de Húsares como prometido. El Duque de Montpensier, sabedor del “regalito” que le endosaba a Eulalia se deshacía en halagos para su futura hija política – nunca mejor dicho -. Doña Eulalia nos cuenta referente al Duque: **“Yo había llegado ha tener un afecto profundo a mi tío, hombre espiritual, conversador exquisito, mundano y comprensivo”**. Está clara la visión deformadamente idílica de una joven de veinte años referente al eterno conspirador, feroz conservador y duelista de ventaja como era Montpensier. (En algún otro momento comen-

taré la muerte en duelo de Don Enrique de Borbón, progresista, liberal y masón a manos del de Montpensier en la Dehesa de los Carabancheles.)

En el mes de noviembre, y dentro de los actos organizados para la semana cultural de la Federación de Casas y Centros Regionales, la vocalía organizó el campeonato de intercentros de “juegos de mesa”, que este año le correspondía a nuestro Centro. En el juego de parchís, las participantes de nuestro Centro obtuvieron el 1 y el 2 premio Isabel y María Rodríguez Somoza; en el juego del cinquillo, también obtuvimos el 1 y 2 premio, M. Carmen Santana y Eutiquio de Miguel; en el juego de butifarra obtuvimos el 1 premio Juan Rodríguez Gómez Dacal.

Finalmente en el mes de junio celebramos la tradicional cena de fin de curso, en la que se da un reconocimiento a la profesora de manualidades y miembro de la Vocalía, M. Alba Gil Bardanca.



Marta Roigé Mostany



Memoria dos actos do centro no ano 2008

XANEIRO

20-01-08

O Domingo día 20 de Xaneiro ás 14 horas, e do mesmo xeito que nos anos anteriores, celebramos “**A Matanza do Porco**”; pero iste ano fixémoslo no local do noso Centro, ubicado na C/ Pare Palau, número 2 de Pardinyes.

O evento foi un rotundo éxito pois era a primeira vez que se facía no noso local de Pardinyes, e a verdade é que non sabiamos como iría todo, pero grazas ó noso socio e membro da Xunta Directiva, Xosé Domínguez e varios membros máis que lle axudaron, todo saíu moi ben.



Matanza do Porco

Acompañáronnos varias autoridades locais, entre elas o Concejal de Participación Ciudadana, D. Joan Gómez López, e o Concejal de Formació i Inserció socio-laboral D. Luís Franco Bèrgua, ademais de 60 socios

28-01-08

O luns día 28 de Xaneiro de 2008, ás 19 horas, foi inaugurada a Semana Cultural do Centro Galego de Lleida (Casa de Galicia) coa exposición de Manualidades que preparou a Vocalía da Muller, do Centro.

O Presidente da Entidade D. Xosé Terceiro, acompañando polas vocais da Xunta Directiva María Alba Gil e Dolores Blanco, foi quen, tomando a palabra, deu por inaugurada a Semana. Acto seguido María Alba Gil explicou con detalle tódolos traballos expostos.



Manualidades

Tamén se incorporaron a tal evento a Concejala de Política de Igualdade do Concello de Lleida Dna. Neus Brocal Mañas e a funcionaria tamén do Ajuntament, Dna. Silvia Puertas, que tamén participou na exposición.

Ó remate foi ofrecido a tódolos asistentes un ágape regado con viño do Ribeiro.

29-01-08

O Martes día 29-1-08, ás 20 horas, no local social do Centro Galego de Lleida, deu comezo a conferencia “**Maltrato na ancianidade**”, a cargo da Dra. Dna. Rosa María Pérez Pérez, Médico-Forense e Presidenta do Colexio Oficial de Médicos de Lleida.

Comezou falando o Presidente da Entidade Xosé Terceiro Folgar, dando as grazas a tódolos presentes que enchían o salón social da entidade, contando coa presenza do Subdelegado do Goberno en Lleida D. Ángel Flores Blas, quen firmou no libro de Honor da Entidade, e tamén coa dun representante da Casa de Andalucía en Lleida, D. Vicente Esteve Esteve.



Conferencia Rosa Pérez

Acto seguido tomou a palabra o Vicepresidente da Entidade Xan Rodríguez Gómez-Dacal, que fixo un bre-



ve resumo do curriculum da conferenciante, dándolle a palabra de inmediato a Rosa María Pérez Pérez, que nos deu unha maxistral conferencia sobre o “Maltrato na ancianidade”, firmando tamén no libro de Honra da Entidade.

Unha vez rematada a mesma deu comezo un turno de intervencións dos asistentes, rematándose o acto coa entrega polo Presidente dun pequeno agasallo á conferenciante; e despois tódolos asistentes degustaron un refrixerio. O acto foi un rotundo éxito.



Presentación Revista Joan Viñes



Debuxos dos nenos

30-01-08

O Mércores día 30-1-08, ás 18,30 horas, no local social da Entidade, os nenos, fillos e netos dos socios, pintaron en folios o que se lles ocorreu nun taller de debuxo. Estes debuxos serán publicados na próxima revista Xurdimento que edita o Centro.

Tamén houbo xogos de parchís e guiñote con interesantes e reñidas partidas, gañando ao final a parexa de mulleres Dolores Blanco Ro e Isabel Mateo Cazorla, con grande desgusto dos homes contrincantes. Unha vez rematado o acto todos foron obsequiados cun sabroso e rico chocolate acompañado dunha sabrosa coca doce.

31-01-08

O Xoves día 31 de Xaneiro ás 20 horas, no local social da Entidade, foi presentado o número 21 da Revista Xurdimento polo Magnífico Rector da Universidade de Lleida D. Juan Viñes Salas, que tamén firmou no libro de honra da Entidade.

O Presidente do Centro Sr. Xosé Terceiro Folgar, deulle a benvinda a tódolos presentes, socios, amigos e simpatizantes que nos acompañaban, e moi especialmente ás Autoridades locais, Sr. Joan Gómez López, Concejaleiro de Participación Cidadana coa súa dona, Presidente da Federación de Casas Rexionais de Lleida, Sr. Cosme García i Mir, e tódolos presidentes das demais casas Rexionais de Lleida.

Despois o Vicepresidente da Entidade Sr. Xoa Rodríguez Gómez-Dacal, presentou un resumo do curriculum do conferenciante na lingua galega, dándolle seguidamente a palabra ó Sr. Rector D. Juan Viñes, quen presentou a revista: inicialmente tamén na lingua galega e, despois, na lingua catalana. Os presentes na sala fixéronlle preguntas ó presentador quen as respondeu amplamente.

Ó remate o Presidente da Entidade, Sr. Terceiro, fíxolle entrega dun pequeno agasallo como recordo do seu paso pola Entidade, e acto seguido tódolos presentes foron obsequiados cun viño do Ribeiro e un ágape.

Foi todo un grande éxito.

FEBREIRO

1-02-08

O venres día 1 de Febreiro, ás 18,30 horas, no local social do noso Centro tivo lugar un “Taller d’Art floral” dado pola Señora Anna Balañá, e organizado pola Vocalía da Muller.



Ó acto concurriron máis de 45 persoas sendo moi interesante a demostración que nos deu a florista, sobre a forma de montar todo tipo de ramos.



Taller floral

Unha vez que se rematou o acto, foron sorteados os ramos feitos na demostración, sendo agraciadas varias das persoas asistentes.

Ao finalizar o acto todos degustaron un bo viño do ribeiro e un saboroso aperitivo.

3-02-08

O Domingo día 3 de febreiro de 2008 ás 13,15 horas, no local social da nosa Entidade, tivo lugar a Asemblea Xeral Ordinaria dos socios na que, seguindo a orde do día, procedeuse a ler a acta da asemblea anterior que foi aprobada por unanimidade; acto seguido o Tesoureiro leu o estado das contas da Entidade, e mailos orzamentos do ano 2008 que foron aprobados por unanimidade; o vicepresidente 1º, fixo un anticipo das actividades que ten previsto desenrolar no ano 2008 a Entidade; despois e seguindo o contido dos artigos 16 e 21 dos estatutos, procedeuse ó cese, por cumprir o seu mandado, dos cargos de Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e dous vocais, pero tales cargos foron outra vez renovados por unanimidade dos socios que asistiron á Asemblea Xeral ordinaria.



Asamblea

Unha vez rematada a Asemblea, tódolos asistentes degustaron un bo viño procedente de Galicia e máis un apetitoso aperitivo.

Acto seguido tódolos asistentes remataron a xornada cun bo xantar de Irmandade con queimada incluída.

5-02-08

A Vocalía da Muller organizou este día varios actos en conmemoración de “Día de Santa Águeda” co seguinte programa: ás 10 horas quedaron convocadas para almorzar todas xuntas. A continuación dirixíronse ao Museo Diocesano de Lleida. Finalizada a visita sobre as 14 horas, foron xantar ó Restaurante do Centro. A media tarde algunhas foron ó cine e outras a visitar escaparates polas rúas de Lleida.

MARZAL

2-03-08

O Domingo día 2 de marzal de 2008, na Ermida de Grenyana, a nosa Asociación Cultural celebrou a tradicional “Calçotada”, comezando ás 8:00 e rematando ás 20:00 horas. A xornada foi moi completa, acompañándonos o concejal de “Participació Ciutadana” D. Joan Gómez López e maila súa muller.

Ás 11:00 horas na Ermida, asistimos á Santa Misa, que foi cantada pola nosa Coral Cengallei dirixida por Rosa González Mahía, que, coma sempre, é unha ledicia escoitala; despois, mentras os cocineiros foron preparando o xantar, organizáronse varias partidas de tute, brisca, guiñote, parchís e o despistado.



Calçotada

Ás 14:00 horas todos demos boa conta dos ricos manxares, empezando polos calçots que coa sabrosa salsa (de receita segreda) estaban estupendos; continuamos cun segundo prato de “monchetas”, longaíza e chuletñas de cordeiro, todos eles regados cun bo viño



do Ribeiro, e rematamos cos postres a base de lediciosos manxares a cal millor: tartas, flanes, froita..., sen faltar as típicas filloas galegas, licores e unha extraordinaria queimada.

Durante toda a estancia nas estupendas instalacións da partida de Grenyana estivemos amenizados por un equipo de música dirixido polo noso amigo e socio José Luís Raposo, facendo que a xente, despois de comer e beber



Clases de solfeo

ben, bailara e cantara ó son da música galega.

Cabe deixar constancia dende eiquí de que a organización foi exquisita. Unha fonda felicitación ó noso “chef” José Domínguez e mailo equipo que lle axudou. Noraboa.

4-03-08

O Centro Galego, puxo unha profesora para dar clases de Solfeo e Música os venres de 20,30 a 21,30 horas. Os interesados participáronno nas oficiñas do Centro.

16-03-08

A procesión do Domingo de Ramos, día 16 de Marzal, composta por once pasos, foi organizada pola Congregación da Nosa Señora das Dores.

Os Cofrades do Centro Galego de Lleida, acompañaron o paso da Santa Cea, encomezando ás 20 horas na rúa Blondel, e facendo o percorrido polas rúas: Avda. Cataluña, Lluís Companys, Unión, Templarios, Academia, República Paraguay, Avda. Madrid e rematando outra vez na rúa Blondel.



Procesións

21-03-08

A procesión do Santo Enterro do Venres Santo, foi organizada pola Corporación “de la Purísima Sang”.

Os Cofrades do Centro Galego de Lleida acompañaron o paso do “Ecce Homo”; comezaron ás 21 horas dende a rúa San Antonio (onde se formaron os dintintos pasos); despois transcurriu pola Avda. Cataluña, Rúa Lluís Companys, Unión, Templarios, Academia, República Paraguay, Avda. Madrid, Blondel, Marqués de Vila Antonia, e San Antonio, rematando outra vez na Igrexa do Sangue.

Tanto o Domingo de Ramos, coma o Venres Santo foron moitos os miles de Lleidatans que a presenciaron a pesares do forte vento e do frío que facía.

28-03-08

Ás 21 horas do día 28 de marzal de 2008, na Sala 1 do “Auditori Enric Granados” de Lleida, levouse a cabo un concerto a beneficio das persoas máis pobres da terra, organizado por Mans Unidas de Lleida, no que participaron distintas agrupacións corais de Lleida e provincia.



Mans unidas

A Coral Cengallei do Centro Galego de Lleida dirixida maxistralmente pola directora D^a. Rosa González Mahía, tamén participou con dúas cancións, “Alalá de Lemos” e



“A Vella de Andrés” que foron moi aplaudidas. O acto foi un rotundo éxito.

ABRIL

12-04-08

Ás 17,15 horas do día 12 de Abril de 2008, no local social dos membros da Asociación da Xente Maior da localidade oscense de Torrente de Cinca (Huesca), a Coral Cengallei da Asociación Cultural, “Centro Galego de Lleida” (Casa de Galicia), ofreceu ós asistentes, un recital de canción galega. O acto foi moi aplaudido por tódolos asistentes que enchían o local. A coral Cengallei, baixo a magnífica dirección da súa directora, Dñ^a. Rosa González Mahía, interpretou as seguintes pezas: “Canta o Sol”, “Alala da Pena”, “Os cregos e Taberneiros”, “Alala de Lemos”, “Y Cenaré Contigo”, “Mariñeiro”, “Salve Raiña”, “el Triqui Triqui” y la Jota “tengo tres amores grandes” rematando coa tradicional “Rianxeira”, e, a petición dos asistentes, interpretaron tamén “O quer que lle quer”. Remataron o acto cunha merenda, ofrecida pola antedita Asociación.



Festa do polbo

viño do Ribeiro.

Tal como se ve nas fotografías que se acompañan, o evento foi un total e rotundo éxito, esgotándose antes de dúas horas os produtos traídos expresamente da nosa Galicia.

19-04-08

Ás 20,00 horas do día 19 de Abril de 2008, na Igrexa de Sant Jaume (C/ Ferran) de Barcelona, levouse a cabo o “**XI Encontro de Corais das Entidades Galegas de Catalunya**” (FECG), no que participaron as corais seguintes: coral “Lonxe da Terra” do Centro Galego de Barcelona; coral “Cengallei” do Centro Galego de Lleida; coral “Alborada”, de A.C.G. Alborada de la Llagosta; coral “O Botafumeiro” da A.C.G. O Botafumeiro de Cerdanyola e coral “A Nosa Galiza” da Irmandade A Nosa Galiza de Mollet. A coral Cengallei baixo a dirección de Rosa González Mahía, interpretou as seguintes pezas: “Alalá da Pena”, “Alalá de Lemos” e o “Quer que lle quer”. Tódalas cancións foron moi aplaudidas polo público asistente que enchía a Igrexa.



Torrente de Cinca

13-04-08

Ás 11,30 horas do domingo día 13 do Abril de 2008, no “Mercat de Pardiniyes-Barris Nord” de Lleida, o Centro Galego de Lleida (Casa de Galicia), coa colaboración da Vocalía da Muller, organizou a “**XII FESTA DO POLBO**” co fin de dar a coñecer os nosos costumes e gastronomía.

Varias Autoridades locais entre elas o Concelleiro de “Participació Ciutadana” D. Joan Gómez López, varios concelleiros do Concello, o Presidente da Federación de Casas Rexionais de Lleida, D. Cosme García, e os Presidentes de distintas casas Rexionais, tamén fixeron acto de presenza degustando o rico manxar do polbo con patacas e pan galego; e todo iso estivo regado cun bo



XI encontro de Corais de FECG

O acto foi presentado por Toni Cotado que, coma sempre, fixoo moi ben. Unha vez que acabaron de actuar tódalas corais participantes, tomou a palabra o Presidente da



entidade organizadora (Centro Galego de Barcelona) D. José Méndez, quen deu as grazas a tódolos participantes e público asistente; despois o Presidente da FECG de Catalunya, D. Luis Lamas, tamén puxo de relevo a importancia destes encontros, que sirven para transmitir, a través da música coral galega, a nosa cultura ó pobo catalán co que estamos tan estreitamente unidos. Finalmente o Director Xeral de Creación e difusión de Cultura da Xunta de Galicia, D. Luís Bará, tamén en nome da Xunta, fixo moito fincapé, na importancia que teñen estes encontros, pra expansión da Cultura Galega no mundo.

Unha vez rematada a actuación das corais participantes, todos xuntos interpretaron, “Els Segadors” e “Os Pinos”.

Despois remataron a xornada, cunha cea de Irmandade no Restaurante do Centro Galego de Barcelona. O acto foi un rotundo éxito.

30-04-08

Co fin de compartir experiencias ou vivencias, entre os socios e simpatizantes da nosa entidade, anímote a que te unas a esta nova rede social do Centro Galego de Lleida. <http://cengallei.ning.com>.

Nesta rede podremos compartir tanto todo tipo de arquivos, como fotos, videos, música, opinións, etc. e espero que sea moi atractiva para tódalas idades.

MAIO

10-05-08

O Centro Galego de Lleida, participou cunha caseta na verbena dos “Camps Elisís” de Lleida, onde ofrecemos produtos típicos galegos como empanada, tarta de Santiago, sardiñas, queimada, lacón e pulpo. Este ano o mal tempo e a insistente choiva impediu que os leridanos que normalmente visítannos, non o fixesen polo que non podemos falar de éxito; iso sí, a organización funcionou perfectamente.



Verbena Campos Elíseos

11.05.08

Iste ano, catro persoas do noso Centro xunto coas das outras casas da Federación, foron os encargados de levar o Santo patrón de Lleida “Sant Anastasi” dende a Catedral ata a Praza de San Joan. Os nenos e nenas, do mesmo xeito que as persoas maiores ataviándose co traxe típico de Galicia, e membros da Xunta Directiva participaron na ofrenda de flores cun rotundo éxito.



Ofrenda de flores

20-05-08

O Centro Galego de Lleida, a través da Vocalía da Muller, neste día organizou una visita guiada ás instalacións da Fábrica de Cervexas San Miguel de Lleida. A través dunhos auriculares, una guía foille dando todo tipo de explicacións, dende que se inicia o proceso ata que remata. Ó final a visita acabou degustando, todos, os distintos tipos de cervexa que se fabrican, probando unha que, con chocolate, estaba moi rica.



Visita á fábrica de San Miguel

31-05-08

O Sábado día 31 de Maio de 2008, o Centro Galego de Lleida (Casa de Galicia), conmemorou o “DÍA DAS



LETRAS GALEGAS EN LLEIDA", no "Institut d'Estudis Ilerdencs", co seguinte programa:

Ás 19,30 horas, conferencia a cargo de Dna. Pura Salceda Carballeda, profesora de Lingua Galega, sobre a figura do escritor D. Xosé María Álvarez Blázquez. De seguido, a Coral Cengallei desenrolou un recital poético-musical sobre poemas do homenaxeado.



Letras Galegas

Depois, ás 22 horas, no restaurante do centro levouse a cabo unha cea de Irmandade.

Nos devanditos actos estivo presente o Concejal de Participación Cidadana, D. Gómez López e maila súa Dona, e o Director do Instituto de Estudos Ilerdencs D. Joan Busqueta.

XUÑO

6-06-08

Os días 6, 7 e 8 deste mes, tivo lugar na chaira situada á beira do campo de fútbol, a "**3ª FEIRA DO MARISCO GALEGO EN LLEIDA**", organizada pola Entidade Eventos Gastronómicos e Culturais de Galicia, e que tivo lugar na capital do Segrià tras a mediación do Centro Galego de Lleida.



Feira do Marisco

26-06-08

O Xoves día 26 de Xuño, ás 20 horas e na aula do Teatro Municipal de l'Escorxador de Lleida, celebrouse a 10ª **RECITAL POÉTICO-MUSICAL**, organizado pola Federación de Casas Rexionais de Lleida, na que interviñeron as entidades asociadas. A nosa entidade puxo en escea as seguintes pezas: "Irmaus", "María Soliña", e "A Saia da Carolina". Todas elas foron moi aplaudidas.

SETEMBRO

29-09-08

Verxe Blanca. Neste día celebrouse a misa en honra da "**Verge Blanca de l'Academia**", Patroa de Lleida; ás 20 horas e na Capela da Academia Mariana, con acompañamento, na parte cantada da misa, do noso Coro Cengallei.

OUTUBRE

5-10-08

O domingo día 5 de outubro, o Centro Galego de Lleida (Casa de Galicia) celebrou o "**O DÍA DE BREOGÁN 2008**" cunha excursión a la Vall d'Arán e Pont de Suert.

Ás 7 horas unhas 50 persoas entre socios, familiares e amigos, partiron da sede social da Entidade parando a tomar un refrixerio en Sopeira (Huesca) e chegando a Vielha sobre as 10,15 horas.

Ás 11 horas asistimos á Misa na Igrexa de San Miguel. A Coral Cengallei acompañou a liturxia coas súas típicas cancións relixiosas e, a continuación, tivo lugar un concerto coa igrexa a rebordar. Coma sempre, a Coral Cengallei, deleitounos coas súas cancións, e rematou a súa actuación co himno da Vall d'Arán, "Muntanyes Araneses" e a popular Rianxeira. Cabe destacar o ben que interpretaron tódalas cancións, xurdindo, ó final, máis dunha bágoa de moitos dos asistentes pola emoción de ver cómo unha coral Galega, interpretaba tan ben o seu himno.



Breogan



Despois houbo tempo libre para visitar a poboación, e para tomar unhas cervexas nas terrazas dos bares.

Ás 14,30 horas xantamos todos xuntos nun hotel de Pont de Suert e, tras visitar por libre a cidade, emprendemos o regreso a Lleida.

Foi un día magnífico a pesares das moitas horas que estivemos sentados no Autocar.

12-10-08

O domingo día 12 de Outubro, ás 11,30 horas, a Coral Cengallei do Centro Galego de Lleida, acompañou a liturxia na Catedral de Lleida, coas súas típicas cancións galegas. A liturxia foi oficiada polo Señor Bispo da Diócesis Rvdo. D. Joan Piris Frígola, co gallo da **“PATROA DA GARDA CIVIL”**. Como sempre a actuación da coral foi exquisita, sendo felicitados públicamente polo Señor Bispo, do ben que cantaron.



Patrona Guardia Civil

20-10-08

O luns día 20 de Outubro, no local social da nosa Entidade, iniciouse un **“CURSO BÁSICO DE INFORMÁTICA”** (WINDOWS VISTA-INTERNET), de 20 horas lectivas, prós socios que o solicitaron. As clases tiveron lugar entre as 18 e as 20 horas de cada día.



Clases de informática

NOVIEMBRE

1-11-08

Nesta data celebrouse o **DÍA DE TÓDOSLOS SANTOS**. Asistiuse á Santa Misa na Parroquia de “**Sant Jaume**” á que pertencemos, realizando o noso Coro Cengallei a parte cantada da mesma. Posteriormente e no noso local Social, os socios e simpatizantes asistiron ó tradicional magosto, sendo acompañados polas seguintes autoridades: Joan Gómez López, Rexedor de Participación Ciutadana; Cosme García i Mir, Presidente da Federación de Casas Rexionais de Lleida; e Eduardo Quevedo Jorrín, Presidente da Casa de Castela e León.



Magosto e panellets

4-11-08

O Centro Galego de Lleida, dende primeiros do mes de Novembro de 2008, vén desenvolvendo clases de lingua galega (Nivel Celga 1), baixo a dirección da profesora Dna. Pura Salceda Carballeda.

Ata agora, as clases veñen resultando moi amenas e moi ilustrativas, sobre todo, porque a profesora utiliza unha metodoloxía e unha linguaxe moi fácil de comprender ata para os que non naceron en Galicia.



Clases de lingua galega

De ben seguro que cando acabemos, todos teremos uns coñecementos moito máis amplos da nosa lingua. Parabéns ao Centro por estas iniciativas, porque con elas está contribuíndo a expansión da nosa lingua por tódalas partes do mundo enteiro.

10-11-08

A Federación Provincial de Casas e Centros Rexionais de Lleida iniciou as súas xornadas culturais no Teatre Escorxador cun pregón, e o encargado de efectualo foi D. Álvaro Calvo Rapún, Delegado do Goberno de Aragón en Huesca. A continuación houbo un recital musical ofrecido polo grupo “Emsamble XVI” con máis de trinta músicos en directo baixo a dirección de Josep Antoni Chic. O teatro estaba cheo, sendo moi aplaudidas tódalas actuacións.



Semana cultural Federación

13 e 14-11-08

O xoves día 13 e venres día 14 de novembro de 2008, no local social do Centro Galego de Lleida, levouse a cabo o “V Campionato Intercentros de Xogos de Mesa” ó que asistiron máis de coarenta parellas de tódolas casas da federación. A intervención da nosa Entidade foi moi concurrida e con grande éxito nos distintos xogos nos que interviñeron; así, en parchís, Isabel Mateo xunto con M^a Ángeles Abanades que quedaron campañas; en cinquillo, María del Carmen Santana con Visitación Jiménez que tamén gañaron; e en butifarra, Xan Rodríguez con Antonio Gallardo que quedaron os primeiros.

17-11-08

CONFERENCIA E PRESENTACIÓN DUN LIBRO NO CENTRO GALEGO DE LLEIDA

Ás 20 horas do luns día 17 de novembro de 2008, no local social da nosa Entidade, levouse a cabo a presentación da Novela “El llanto de la Carabiella” de Rubén Alonso de Ponga, facendo o autor un breve resume do seu conti-

do; e, a continuación, tivo lugar unha conferencia a cargo de D. Xulio Couxil Vázquez, Profesor de lingua Galega e Portuguesa quen disertou sobre o tema: “Breve visita por Galicia - Historia e Turismo” facendo un percorrido pola súa xeografía, natureza, náutica, patrimonio, monumentos, festas populares, paisaxes, gastronomía, etcétera, apoiándose as diversas exposicións e presentacións con videos de Galicia facilitados por Turgalicia.



Semana cultural Federación

O acto foi desenvolvido diante de numeroso público que enchía a sala, contando coa presenza do Concello de Educación e atención á infancia do Concello de Lleida, D. Jesús Castillo, da Directora de Política Lingüística da Generalitat en Lleida, Dna. Paquita Sanvicens, do Presidente da Federación de Casas e Centros Rexionais de Lleida, D. Cosme García, e de tódolos presidentes das outras casas rexionais de Lleida. Cabe resaltar dende este espazo o grande éxito que tivo o antedito acto, sendo moi aplaudido por tódolos asistentes; rematouse o acto coa degustación dun suculento aperitivo de produtos da terra.

22-11-08

Neste día a Federación de Casas e Centros Rexionais de Lleida celebrou a cea de irmandade no Restaurante A Masia, que reuniu a máis de cento cincuenta comensais, presidida polas autoridades locais e da Generalitat.

23-11-08

O noso Centro desprazouse á Residencia de Anciáns Juana Jugan, onde asistimos, ás 11 horas, á Santa Misa interpretando o noso Coro Cengallei a parte cantada da mesma así como tamén, posteriormente e no Salón de Actos, as seguintes pezas do seu repertorio: “Veña Leticia”, “Alalá da Pena”, “Toca o pandeiro Manoel”, “A pastora Caterina”, e “A Rianxeira”. A súa actuación, coma sempre, acadou un rotundo éxito. Despois, pasaron a admirar a exposición de Artesanía feita polos residentes e a degustar un aperitivo que lles ofreceron.



Visita á residencia Juana Jugan



Visita á residencia de Aitona

DECEMBRO

11-12-08

Este martes e ás 21 horas, a Vocalía da Muller organizou un xantar de irmandade no restaurante do noso Centro con motivo da festividade de Santa Lucía.



Visita á "La Mañana"

14-12-08

O noso Centro desprazouse á veciña localidade de AITONA, onde compartimos o día coas Hermanitas dos Pobres, asistindo ás 11 horas á Santa Misa oficiada polo Párroco da devandita localidade, e interpretando o noso Coro Cengallei a parte cantada da mesma. A continuación o noso Coro deleitou aos asistentes con varias pezas do seu repertorio, como: Veña Leticia", "Mariñeiro", "Alalá da Pena", "Toca o pandeiro, Manoel", e "A pastora Caterina", sendo moi aplaudidos por tódolos internos e os seus familiares e amigos. Reiteramos, de novo, o grande éxito acadado. A continuación, degustaron un aperitivo tra-la visita ó Belén montado artesanalmente e remataron os actos cun xantar de irmandade nun restaurante viciño á Residencia.

15-12-08

Igualmente o noso Centro colaborou na Maratón de TV3, participando na XII edición do Festival de Nadales que se celebrou no Teatre Municipal de l'Escorxador de Lleida, ás 20 horas do día en cuestión, acto organizado pola Federación de Casas Rexionais de Lleida ante numeroso público e autoridades locais e da Generalitat.

Actuaron os coros por esta orde: Centro Galego de Lleida, Casa de Andalucía, Casa de Castela e León, Casa de Aragón, e Centro Extremeño, sendo dirixido o noso Coro pola súa Directora Rosa González Mahía; foron interpretadas as seguintes pezas: , Veña Leticia", "Mariñeiro", "Alalá da Pena", e "Toca o pandeiro, Manoel", acabando, coma sempre, un rotundo éxito.



Panxoliñas no Escorxador

19-12-08

A páxina Web <http://cengallei.wordpress.com>, do Centro Galego de Lleida (Casa de Galicia), obtivo o SEGUNDO premio "A millor páxina U.E.P.", editadas polas entidades galegas no exterior, según Resolución do 19 de decembro de 2008 da Xunta de Galicia.

Xunta Directiva do Centro Galego de Lleida



Jose Terceiro Folgar
Presidente
A Estrada (Pontevedra)



Juan Rodriguez Gomez-Dacal
Vicepresidente 1º
Porqueira (Ourense)



Daniel Vila Lopez
Vicepresidente 2º
Monforte de Lemos (Lugo)



Elgio Suevos Otero
Secretario - Xeral
Baldrei - Maceda (Ourense)



Carlos Alonso Bellmunt
Vicesecretario
Sela - Arbo (Pontevedra)



Marta Roigé Mostany
Lleida



Dolores Blanco Roo.
Vilaverde Nola (A Coruña)



Maria Alba Gil Bardanca
Lleida



Jose Dominguez Rodriguez
Corvillón - A Marca (Ourense)




José Luis Raposo Toja
Santiago de Compostela



Luis Trigo Dominguez
Tesoureiro
Monforte (Lugo)




Debuxos dos nenos





Debuxos dos nenos



la Mañana revista

TEL. 973.20.45.00 FAX: ADMINISTRACIÓ I PUBLICITAT 973-20.16.46 FAX: REDACCIÓ 973.20.38.10 E-MAIL: revistad@prensade Lleida.com

EL MIRALL

JOSÉ TERCEIRO

L'ÈXIT DEL DIÀLEG

José Terceiro va ser recentment reelegit president del Centro Galego de Lleida per setena vegada consecutiva. Comptar amb tant suport durant tant temps no és gaire habitual. El cas atreia curiositat. Era vian trobar, comino, al Centre que presideix i vivim fer un recorregut per les instal·lacions. Es palpava que sentia el centre com la seva casa. I és que escoltant-lo s'entén que home va anar fent el Centre a poc a poc però sense pausa, amb molt sentiment però amb precisió empresarial, amb la necessitat que provoca la mortifera però amb el seny de qui contrau deutes i es conscient que treballa amb diners aliens. Té un record d'agraïment per totes aquelles persones que abans d'ell s'hi van dedicar amb les seues que llavors hi havia i recorda també que quan va assolir el càrrec el centre estava a punt de tancar. Com bon gallec, va exercir d'emergent i a la perfecció: honorant la terra de naixement i adaptant-se amb voluntat a la nova d'acollida. Però sens dubte del que més orgullós està és dels contactes que va saber guanyar-se i mantenir. I és que rep suport de procedències políticament antagoniques i ningú li exigeix fidelitat però tots aleshores saben que la tenen. Preqüa la paraula d'un home no la carnet de partit.

Porta 44 anys fora del terra, dels 63 de vida, i encara s'emociona i es manté ferm a les arrels. Se sent orgullós de la labor del centre i d'obtenir un servei als socis per que es trobin com a casa i en família.

Potser té un compte pendent i és la integració del jovent. Perquè cal pensar en el futur i això no s'aconsegueix en dos dies, tot i que el càrrec es renova cada any i sempre que es compli amb el suport necessari.

Del seu dit'au que probablement es deu al fet de ser sincer, obert i dialogant. Hom es podria passar el dia sentint escollint tant les experiències acumulades i encara no sentia suficient.

FOTO: JORDI BOLEDA
TEXT: SILVIA SCHREISS



JORDI BOLEDA

► El Centro Galego realiza la XII 'Festa do Pulpo'

LLEIDA ♦ El Centro Galego celebró ayer la XII edición de la Festa do Pulpo, que se desarrolló a partir de los 12 de la mañana en el el Mercado de Pardinyes, junto al Barris Nord. Como manda la tradición, el pulpo se sumerge tres veces, se cuece durante 50 minutos y se especia y acompaña de patatas cocidas, conocidas como *cachelos*.

José Terceiro repite como presidente del Centro Galego

LLEIDA L.M. La Asamblea General Ordinaria del Centro Galego de Lleida escogió su junta directiva, en la que destaca la continuidad del su presidente, José Terceiro, que cuenta con una dilatada experiencia en el cargo.

El resto de la junta directiva está formada por Juan Rodríguez como vicepresidente primero; Daniel Vi-

la será el vicepresidente segundo; Eligio Suevos, el secretario; Carlos Alonso, el vicesecretario, Luis Trigo, tesorero; José Domínguez, el vocal organizador de actos; Marta Roigé como la presidente de la vocalía de la Mujer; María Alba Gil, vocal y relaciones públicas; José Luis Raposo como vocal de *xuventud* y, finalmente, Dolores Blanco como vocal.

123

Xurdoanento



EL CENTRO GALEGO ORGANITZA LA XII FESTA DO PULPO

El Centro Galego de Lleida va celebrar diumenge de la setmana passada la dotzena edició de la Festa do Pulpo, que va tenir lloc a partir de migdia a l'esplanada del mercadet de Pardinyes, davant del pavelló Barris Nord. Com marca la tradició, el pop se submergeix tres vegades, es cou durant 50 minuts, s'especia i s'acompanya de patates cuites, conegudes com *cachelos*. Una festa gastronòmica que va aplegar una gran quantitat de públic.



La preparació del pop va ocupar bona part del matí. A partir de migdia, molta lleidatana, a més de polítics locals, van poder gaudir d'aquest aliment típic de la gastronomia gallega. FOTOS: JORDI BOLEDA



SILVIA BÚTIA

Joan Gómez assistió al oficio religioso

► Cengallei canta en la ermita de Grenyana

LLEIDA ♦ La coral Cengallei del Centro Galego de Lleida realitzó ayer una misa cantada en la ermita de Grenyana, en la que participó el concejal Joan Gómez. Posteriormente a la celebració, se realitzó una comida popular.



JORDI BOLEDA

► Día de las letras gallegas en Lleida

LLEIDA ♦ El Aula Magna de la Universitat de Lleida acogió ayer a partir de las siete de la tarde los actos asociados a la celebración

del Día de las Letras Gallegas en Lleida, en el que se reconoce el valor literario de esta lengua románica peninsular.

► Tradicional matanza del cerdo en el Centro Gallego de Lleida

LLEIDA ♦ El Centro Gallego de Lleida celebró ayer el acto principal del tradicional acto de la matanza del cerdo. En la comida de celebración estuvieron presentes los regidores de la Paeria Juan Gomez y Luís Franco, así como los representantes de CIU Conxita Torruella y Miquel Padilla.

ABELARDO HERNÁNDEZ



la Mañana

Polígono Industrial, 118 - 25191 LLEIDA - Apartado de Correos, 11
Teléfono: 973 20 46 00 - Fax Publicitat: 973 20 46 46 - Fax Redacció: 973 20 58 10
Oficina Comercial: Eric Granados, 24 - Teléfono: 973 24 13 99
Internet: www.lamanyana.cat - D/e: lamanyana@lamanyana.cat

LA FOTO

► Publican una nueva edición de 'Xurdimento'

LLEIDA ♦ Ayer se presentó en el Centro Gallego de Lleida, dentro de su semana cultural, la vigésimo primera edición de la revista Xurdimento. Esta publicación de periodicidad anual recoge distintos artículos de temática gallega, castellana y catalana. En la presentación de la revista, que contó a cargo del rector de la Universitat de Lleida, Joan Viñas, estuvieron presentes varias autoridades municipales, los responsables del Centro Gallego y miembros del colectivo.



TONY ALCAHARA



TONY ALCAHARA

Numerosas personas asistieron a la presentación

Viñas presenta en el Centro Gallego la revista 'Xurdimento'

LLEIDA L.M. El rector de la Universitat de Lleida, Joan Viñas, fue el protagonista del acto de presentación del número 21 de la revista Xurdimento que edita el Centro Gallego de Lleida. La publicación recoge un amplio temario con referencias a Galicia, Catalunya y Lleida. El acto fue seguido por numeroso público y estuvieron presentes tanto autoridades como

representantes de otras casas regionales de Lleida. La presentación forma parte de la semana cultural que está celebrando el centro. Hoy está programada la realización de un taller de arte floral por parte de Anna Balaña. La semana finalizará el domingo con una misa cantada en la parroquia de Sant Jaume y, posteriormente, en el local social se celebrará la asamblea de socios.

Lleida acoge la tercera edición de la Festa do Polpo del Centro Galego

LLEIDA L.M. Lleida acogerá durante todo el fin de semana la tercera edición de la Festa do Polpo organizada por el Centro Gallego en una carpa situada en el Camp d'Esports. Los objetivos del encuentro gallego son promocionar los productos del costa atlántica a los ciudadanos de Lleida.

La coordinadora del evento, Elena Charés, espera que "este año se acerque más gente ya que el año pasado se notó la falta de asistencia a causa del mal tiempo". El horario de apertura es a las doce del mediodía, con un parón de tres horas de cuatro a siete de la tarde y el cierre final a las doce de la noche. En

cambio el domingo se abrirá desde las once y media de la mañana hasta las nueve de la noche. Los visitantes que se acerquen hasta la carpa pueden disfrutar de platos de degustación de productos típicos gallegos como el arroz de mariscos gallegos, pulpo, empanadas y mejillones.

Los productos son directamente traídos en camiones desde la Ria de Arosa hasta la capital del Segrià con una carga de 5.000 kilos de marisco que se espera consumir en este fin de semana. En la feria también se pueden degustar botellas de vino Albariño y Ribeiro a precios asequibles. Además, la organización ha colocado una tienda de productos gallegos donde se puede encontrar una gran variedad de orujos y miel típicos de la Comunidad Autónoma de Galicia.



SILVA BUTA

La carpa permanecerá abierta hasta el domingo

SOCIAL

MATANÇA DEL PORC ALS CENTRES REGIONALS GALEGO I EXTREMEÑO

El Centro Extremeño i el Centro Galego de Lleida van celebrar diumenge passat la matança del porc segons la tradició de totes dues comunitats. En tots dos casos, també hi va haver àpat per als presents.



JORDI BOLEDA

► El Centro Galego realiza la XII 'Festa do Pulpo'

LLEIDA ♦ El Centro Galego celebró ayer la XII edición de la Festa do Pulpo, que se desarrolló a partir de los 12 de la mañana en el el Mercado de Pardinyes, junto al Barris Nord. Como manda la tradición, el pulpo se sumerge tres veces, se cuece durante 50 minutos y se especia y acompaña de patatas cocidas, conocidas como *cacheiros*.

la Mañana

DIARI DE PONENT

LUNES

17 MARZO 2008

DIRECTOR: Jordi Pérez Ansótegui

AÑO LXX - NÚMERO: 23.681

PRECIO: 1,00 €

www.lamanyana.cat

LLEIDA

la Mañana | 7
LUNES 17 DE MARZO DE 2008

La llegada del Domingo de Ramos marca el inicio de la Semana Santa. Durante los próximos días, distintas procesiones llenarán las calles de diferentes localidades de las comarcas de Ponent en motivo del recuerdo a los últimos días de la vida de Jesucristo y su resurrección. En Lleida, ayer

hubo una cita doble; por la mañana la bendición de las típicas palmas con los niños vestidos de comunión y por la noche la procesión de los Dolors. Un acto que tuvo una especial novedad que espera consolidarse de cara a los próximos años, un carruaje romano que antecedió a los Armats.

Múltiples cofradías

El buen tiempo que había ayudado a que por la mañana las calles se inundaran de niños y niñas vestidos de comunión con las tradicionales palmas y palmones, por la noche se convirtió en un tímido aire frío que acompañó a los fieles más mayores, algunos de ellos descalzos, car-

gando cruces a sus espaldas y con cadenas en los pies, el trayecto por las distintas calles del centro de la capital leonesa.

La procesión está formada por distintas cofradías como la de la Sagrada Familia, Centro Galego, la Casa de Aragón, la del centro Andalués de Terraferma, la de la Erata de Lleida pero la que se llevó una de las mayores ovaciones por parte de los asisten-

tes fue la de San Salvador de Pardinyes que llevó a hombros uno de los pasos.

Cuando la cofradía pasó por delante de las autoridades los costaleros levantaron los brazos en forma de saludo hecho que se ganó la admiración y aplausos de los asistentes.

Otro de los pasos que se destacan es el del Cristo crucificado. Una pieza de gran tamaño y envergadura que llevan los Postrants de Sant

Llorenç.



SEGRE



ITMAR FARRAGAT

Revista del Centro Galego de Lleida

[LLEIDA] El rector de la Universitat de Lleida, Joan Viñas, presentó ayer el número 21 de la revista Xurdimiento, del Centro Galego de Lleida, en la sede de la entidad. Decenas de personas asistieron a la presentación.



Concierto de villancos de la autonomías

[LLEIDA] El Teatre de L'Escorxador acogió ayer el tradicional concierto de villancos de las autonomías organizada por la Federación de Casas y centros regionales de Lleida. Asistieron más de un centenar de personas al concierto en uno de los actos más tradicionales organizados por esta entidad que reúne centenares de personas que han nacido fuera de Catalunya.

126

Xurdimiento



MAGDALENA ALTISENT

El Centro Galego celebra en Lleida la fiesta del pulpo

Lleida se convirtió ayer, por un día, en una ciudad con un toque muy gallego. Muchos leridanos pudieron disfrutar de uno de los platos más típicos de esta comunidad, el pulpo, gracias a la fiesta organizada por el Centro Galego de la capital de Ponent. El evento se celebró en el mercadillo del Barris Nord y todos los asistentes pudieron degustar el pulpo desde el mediodía.

SEGRE

Lunes, 4 de febrero de 2008

GENTE

Comida del Centro Galego de Lleida



El Centro Galego de Lleida puso ayer el broche final con una comida de hermandad a una semana de actos culturales que arrancó el pasado fin de semana con la tradicional matanza del cerdo. El concejal de Participación Ciudadana, Joan Gómez,...





IV FERIA del MARISCO GALLEGO en LLEIDA

“Eventos Gastronómicos y Culturales de Galicia”

RECINTO: EXPLANADA CAMPO DE FUTBOL

PRÓXIMO MÉS DE JUNIO

Horario Stands Degustación

Apertura 12,00 h. - Cierre 17,00 h.

Apertura 19,00 h. - Cierre 24,00 h.

Además de los puestos de platos de marisco elaborados en el propio recinto, estará abierta una tienda de productos gallegos de calidad en la que podrán adquirir el típico queso de “tetilla”, la tarta de Santiago y los productos de la apicultura gallega.

Colabora:

laMañana



Organiza:

Centro Galego
de Lleida



Colaboran:

Paeria Ajuntament
de Lleida



**EVENTOS GASTRONOMICOS Y
CULTURALES DE GALICIA**

GASTRONOMIA GALEGA, C.B.

E-36.547.859

Restaurant

Centro Galego de LLeida



Tapas variadas

Menú diario

Comedor a la carta

Especialidad en marisco y productos de Galicia



Joc de la Bola, 20 • Tel. : 973 27 03 02 • 25003 Lleida

el diari de tothom



la Manyana
TV

la Mañana



Baqueira-Beret · Boí Taüll Resort · Gran Pallars Espot Esquí · Gran Pallars Port-Ainé · Port del Comte
Tavascan · Aransa · Bosc de Virós · Lles de Cerdanya · Sant Joan de l'Erm · Tuixent-La Vansa
11 estacions d'esquí · 500 km de pistes · 110.000 viatgers/hora de capacitat · 1.200
canons de neu · 90 remuntadors mecànics · 700 monitors · 30.000 places d'allotjament

Lleida

amb els cinc sentits

del Pirineu a la Plana, viu l'hivern a Lleida

amb rutes gastronòmiques, culturals i de natura · turisme ornitològic · excursions i passeigs a cavall, en BTT
o a peu · relax en balnearis i spas · més de 550 allotjaments rurals · acaricia, mira, escolta, olora, assaboreix

